

**§ 2.-REGULAMENTO PARA A EXECUCIÓN
DA LEI DO PATRIMONIO DA COMUNIDADE
AUTÓNOMA GALEGA**

ÍNDICE

	Páxina
DECRETO 50/1989 _____	75
REGULAMENTO PARA A EXECUCIÓN DA LEI DO PATRIMONIO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA _____	76
Exposición de motivos _____	76
TÍTULO PRELIMINAR. Disposicións xerais (arts. 1-7) _____	89
TÍTULO PRIMEIRO. Tráfico xurídico do patrimonio (arts. 8-116) _____	94
CAPÍTULO PRIMEIRO. Formas de tráfico administrativo dos bens demaniais (arts. 8-32) _____	94
Sección 1ª. Normas xerais (arts. 8 e 9) _____	94
Sección 2ª. Afectación (arts. 10-17) _____	95
Sección 3ª. Adscrición (arts. 18-22) _____	98
Sección 4ª. Desafectación (arts. 23-28) _____	100
Sección 5ª. Desadscripción (art. 29) _____	102
Sección 6ª. Mutacións demaniais (arts. 30-32) _____	103
CAPÍTULO SEGUNDO. Requisitos especiais do tráfico dos bens patrimoniais (arts. 33-116) _____	106
Sección 1ª. Adquisición (arts. 33-59) _____	106
Apartado A. Regras xerais (arts. 33-38) _____	106
Apartado B. Adquisición de bens inmobles a título oneroso (arts. 39-48) _____	108
Apartado C. Adquisición de bens mobles (arts. 49-51) _____	101
Apartado D. Outras adquisicións (arts. 52-59) _____	102
Sección 2ª. Alleamento e cesión (arts. 60-115) _____	119
Apartado A. Bens inmobles (arts. 60-93) _____	119
Apartado B. Bens mobles (arts. 94-98) _____	137
Apartado C. Propiedades incorporais (arts. 99 e 100) _____	142
Apartado D. Títulos representativos do capital ou débeda emitida por sociedades e empresas (arts. 101-105) _____	142
Sección 3ª. Actividade empresarial do sector público de Galicia (arts. 106-116) _____	145
TÍTULO SEGUNDO. Utilización e aproveitamento do patrimonio (arts. 117-148) _____	152
CAPÍTULO PRIMEIRO. Formas de utilización dos bens demaniais (arts. 117-137) _____	152
CAPÍTULO SEGUNDO. Explotación dos bens patrimoniais (arts. 138-148) _____	163
TÍTULO TERCEIRO. Protección e defensa (arts. 149-193) _____	168
CAPÍTULO PRIMEIRO. Ámbito e medios (art. 149) _____	168
CAPÍTULO SEGUNDO. Inventario, inscrición e seguro (arts. 150-169) _____	169

Sección 1ª. Inventario (arts. 150-166) _____	169
Sección 2ª. Inscripción de bens e dereitos (arts. 167 e 168) _____	177
Sección 3ª. Seguro de determinados bens (art. 169) _____	178
CAPÍTULO TERCEIRO. Deslindamento (arts. 170-181) _____	180
CAPÍTULO CUARTO. Protección posesoria e investigación (arts. 182-189) _____	185
Sección 1ª. Recuperación da posesión (arts. 182 e 183) _____	185
Sección 2ª. Investigación e inspección (arts. 184-188) _____	186
Sección 3ª. Embargos e execucións contra bens e dereitos da Comunidade Autónoma (art. 189) _____	188
CAPÍTULO QUINTO. Responsabilidades e sancións (arts. 190-193) _____	189
Disposicións adicionais (primeira a oitava) _____	191
Disposicións transitorias (primeira a terceira) _____	194
Disposición derradeira _____	194
Disposición derogatoria _____	195

**DECRETO 50/1989, DO 9 DE MARZO, POLO
QUE SE APROBA O REGULAMENTO PARA A
EXECUCIÓN DA LEI 3/1985, DO 12 DE ABRIL,
DO PATRIMONIO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
GALEGA¹**

En cumprimento da disposición adicional primeira da Lei 3/1985, do 12 de abril, do Patrimonio da Comunidade Autónoma Galega (D.O.G. n.º 78, do 24 de abril)², a proposta do Conselleiro de Economía e Facenda e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día nove de marzo de mil novecentos oitenta e nove,

¹ O dito regulamento, publicado no DOG n.º 71, do 13 de abril de 1989 (C. de e. no DOG n.º 134, do 13 de xullo de 1989), aprobouse polo Decreto 50/1989, do 9 de marzo, e modificouse polo Decreto 238/1998, do 24 de xullo (DOG n.º 156, do 13 de agosto) e polo D. 180/2003, do 27 de febreiro, polo que se modifican as contías establecidas nos artigos 26, 34.1º e 2º, 35.2º e 36 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, así como varios artigos do regulamento que a executa, aprobado polo Decreto 50/1989, do 9 de marzo (DOG n.º 52, do 14 de marzo).

Coa finalidade de facilita-la consulta conxunta da Lei e do Regulamento do patrimonio da CA galega, a continuación dos preceptos deste último sinálanse os da citada lei (epígrafe §1 desta publicación) reproducidos ou desenvoltos polo regulamento.

As referencias á Dirección Xeral do Patrimonio e ó director xeral do Patrimonio deben entenderse referidas, respectivamente, á Secretaría Xeral e do Patrimonio e ó secretario xeral e do Patrimonio, de acordo co previsto no D. 312/2000, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Facenda (DOG n.º 65, do 2 de abril de 2001).

² A dita lei foi modificada polas leis de orzamentos da CA galega para os anos 1986, 1988, 1989 e 1997. En concreto, pola disposición adicional 5ª da Lei 1/1986, do 29 de outubro

DISPÓNHO:

Artigo único

Apróbase o Regulamento para a execución da Lei do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, o texto do cal se insire a seguir:

(DOG nº 214, do 3 de novembro), pola disposición adicional 5ª da Lei 2/1988, do 5 de marzo (DOG nº 50, do 14 de marzo), pola disposición adicional 14ª da Lei 13/1988, do 30 de decembro (DOG nº 251, do 31 de decembro) e pola disposición adicional 11ª da Lei 11/1996, do 30 de decembro (DOG nº 254, do 31 de decembro).

Tamén se modificou polos arts. 16º a 19º da Lei 2/1998, do 8 de abril, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública, patrimonio, organización e xestión (DOG nº 68, do 9 de abril) e polos arts. 18 e 19 da Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo (DOG nº 251, do 30 de decembro). Así mesmo foi modificada, en virtude da habilitación conferida na súa disposición adicional 2ª ó Consello da Xunta, polo D. 207/1994, do 30 de xuño (DOG nº 131, do 8 de xullo. C.de e. no DOG nº 143, do 27 de xullo), polo D. 185/2001, do 26 de xullo (DOG nº 156, do 13 de agosto) e polo D. 180/2003, do 27 de febreiro (DOG nº 52, do 14 de marzo).

REGULAMENTO PARA A EXECUCIÓN DA LEI DO PATRIMONIO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA

O presente Regulamento vén estruturado en 193 artigos, oito disposicións adicionais, tres disposicións transitorias, unha disposición derradeira e outra derogatoria, que desenvolven os 82 artigos da Lei, modificados nalgúns casos e ampliados noutros en virtude das Leis 1/1986, do 29 de outubro, 2/1988, do 5 de marzo, e 13/1988, do 30 de decembro³.

Co obxectivo de que esta norma teña a máxima utilidade incorporáronse ó seu texto os preceptos da Lei en todos aqueles casos en que non requirían un desenvolvemento, de maneira que co manexo de só o Regulamento poidan resolverse os problemas que se presenten na práctica.

Mantívose fundamentalmente a sistemática da Lei, aínda que con modificacións que se consideran máis adecuadas para a ordenación das materias, sobre todo polo que se refire ó desenvolvemento do título III da Lei «Protección e Defensa», tal como se expón no artigo 149 deste Regulamento para a execución da Lei do Patrimonio da Comunidade Autónoma Galega (en adiante R.P.G.), no que se distingue a protección, especificamente considerada, a través do inventario, inscrición nos rexistros e deslindamento, cunha marcada finalidade de identificación dos bens e a defensa e tutela do patrimonio.

Partindo de termos que figuran na Lei sistematizouse e unificouse a denominación dos distintos entes que se relacionan co patrimonio, co fin de obter unha regulación global da materia. Así, en diferentes artigos do Regulamento (p. ex. art. 7) fálase de Consellerías, entes públicos

³ Véxase a nota nº 2.

autonómicos e órganos estatutarios que noutros preceptos aparecen sincopadamente expresados por razóns de estilo.

Por órganos estatutarios, expresión que procede do artigo 3º da Lei, enténdense as institucións previstas no Estatuto de Autonomía para Galicia (en diante E.A.G.), como o Parlamento, Valedor do Pobo, Consello da Cultura Galega, Consello de Contas, en claro paralelismo cos «órganos constitucionais» respecto da Constitución española.

Baixo a expresión «Entes públicos autonómicos» compréndese todos aqueles que forman parte da Administración pública galega, dependendo da Xunta de Galicia (artigo 41 E.A.G.) calquera que sexa a forma xurídica que adopten, trátense de organismos autónomos ou doutros entes (artigo 93 do Regulamento), terminoloxía procedente da Lei. En ocasións, para referirse ós entes públicos autonómicos como ós órganos estatutarios utilízase o termo entidades. Loxicamente, tanto este regulamento como a propia Lei por el desenvolva só se aplicará directamente a aqueles entes públicos autonómicos ós cales a súa propia Lei de creación non lles atribúe patrimonio independente; en caso contrario a aplicación será supletoria.

Perfílanse ademais os conceptos de afectación e adscrición aproveitando unha certa indeterminación da lei, a pesar de que o seu artigo 13 podería dar pé para interpreta-la adscrición como acción relativa a poñer ó dispor só de entidades públicas e organismos autónomos bens e dereitos que sexan necesarios para o cumprimento dos seus fins. De acordo co que se entende correcto doutrinalmente e co que se deduce tamén dunha correcta interpretación da lexislación estatal, a afectación ten un carácter obxectivo ou material pola que o ben se destina ó uso xeral ou ó servicio público. Consecuencia da afectación é a adscrición de carácter orgánico do ben a quen competa.

Por iso, ten senso a pluralidade de afectacións (art. 12 L.P.G. e 30 R.P.G.) que require determina-lo órgano ó que se adscribe

o ben por razón da afectación principal e ó que corresponden as facultades e deberes inherentes á adscrición.

Pola mesma razón a adscrición pode realizarse a unha Consellería, ente público ou órgano estatutario, xa que non se define pola natureza do que recibe o ben.

Igualmente, sendo a afectación título xurídico para a adscrición, pode cambiar esta permanecendo aquela e o cambio de afectación pode implicar -a Lei o di taxativamente («implica», art. 12.1)- alteración da adscrición orgánica, que ocorrerá ordinariamente.

Por último, cabe suliñar que este Regulamento intenta asegurar na práctica administrativa a natureza unitaria do patrimonio da Comunidade Autónoma configurada na Lei; de aí que se faga unha atribución nun único centro directivo -*Dirección Xeral do Patrimonio* da Comunidade Autónoma- de tódalas funcións que son necesarias para a plena virtualidade da idea mesma de patrimonio en tódolos seus aspectos, posto que a fecundidade da regulación xurídica do patrimonio virá da súa consideración unitaria, de réxime e de xestión, cunha división de tarefas claramente asignadas polas normas, sen duplicidade de xestión e sen compartimentos estancos en razón á natureza dos bens.

TÍTULO PRELIMINAR

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1

O patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia ou patrimonio de Galicia está constituído por tódolos bens e dereitos que lle pertencen por calquera título⁴ (*art. 1 Lei*).

Artigo 2

Os bens e dereitos integrantes do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia clasifícanse en demaniais e patrimoniais⁵ (*art. 2 Lei*).

Artigo 3

1. Son bens de dominio público da Comunidade Autónoma os afectados ó uso xeral ou á prestación directa de servizos públicos, propios da Comunidade e os así declarados por normas con categoría de lei⁶.

2. Tamén o son os inmobles propiedade da Comunidade Autónoma que aloxen as súas institucións e órganos estatutarios.

⁴ Art. 43 do EAG.

⁵ O réxime xurídico dos bens demaniais está contido fundamentalmente entre os artigos 8 a 32 e 117 a 137 deste regulamento. E o dos bens patrimoniais nos artigos 33 a 116 e 138 a 148. Os demais artigos refírense a aspectos xerais ou a normas aplicables a cada clase de bens.

⁶ Véxanse os arts.132 da CE, así como 339 e 344 do CC.

3. Aplicarase o réxime xurídico demanial ós dereitos reais da Comunidade Autónoma sempre que concorra algunha das circunstancias definidas no apartado primeiro (*art. 3 Lei*).

Artigo 4

Son bens patrimoniais da Comunidade Autónoma de Galicia sempre que non concorra algunha das circunstancias expresadas no artigo anterior:

- a) Os que lle corresponden en propiedade.
- b) Os bens e dereitos derivados da súa titularidade patrimonial.
- c) Os dereitos reais e calquera outro que lle corresponda sobre cousa allea.
- d) Os dereitos de propiedade inmaterial que lle pertenzan.
- e) Os dereitos de arrendamento e outros de carácter persoal.
- f) As cotas, partes alícuotas e títulos representativos do capital que lle pertenzan en concepto de participación, por calquera título, en empresas constituídas de acordo co dereito privado.
- g) As empresas mercantís que sexan de titularidade da Comunidade Autónoma.
- h) Calquera outro ben ou dereito que pertenza á Comunidade Autónoma e non sexa demanial en virtude do disposto no artigo anterior (*art. 4 Lei*).

Artigo 5

1. O Patrimonio de Galicia réxese pola Lei 3/1985, do 12 de abril, do Patrimonio da Comunidade Autónoma Galega⁷, por

⁷ Véxase a nota nº 2.

este Regulamento e polas demais normas que o complementen ou desenvolvan⁸, que, coas normas estatutarias⁹, integran o dereito propio de Galicia na materia. Supletoriamente aplicarase o Dereito propio de Galicia e, no seu defecto, sucesivamente, a lexislación sobre patrimonio do Estado¹⁰ e as normas de dereito privado, civil e mercantil¹¹.

2. As propiedades administrativas especiais regularanse pola súa lexislación específica¹² e complementaria e supletoriamente pola Lei do Patrimonio e por este Regulamento, no que lle corresponda.

⁸ Téñanse en conta a O. da C^a de Economía e Facenda do 17 de xullo de 1989 pola que se nomea o órgano para a emisión do informe ó que se refire a disposición adicional décimoquinta da Lei 13/1988 (DOG n^o 151, do 8 de agosto), a Res. da D.X. do Patrimonio da CA do 3 de xaneiro de 1990 pola que se establecen as normas sobre o cerramento e conseguinte formación do inventario xeral, con data do 31 de decembro do ano 1989, e se establece o procedemento para a súa actualización permanente (DOG n^o 10, do 15 de xaneiro), e a Res. da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio do 5 de febreiro de 1992 sobre habilitación de facultativos para a asistencia ás recepcións provisionais de obras para os efectos de actualización do inventario de bens inmobles da CA de Galicia (DOG n^o 35, do 20 de febreiro).

⁹ Arts. 43 e 55 do EAG.

¹⁰ Esencialmente, o D. 1.022/1964, do 15 de abril, polo que se aproba o texto articulado da Lei do patrimonio do Estado (BOE n^o 98, do 23 de abril) e o D. 3.588/1964, do 5 de novembro, polo que se aproba o Rto. para a aplicación da Lei do patrimonio do Estado (BOE n^o 276, do 17 de novembro).

¹¹ Sobre todo o CC, o Código de Comercio, a Lei de sociedades anónimas, aprobada polo R.D.L. 1.564/1989, do 22 de decembro (BOE n^o 310, do 27 de decembro), e a Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada (BOE n^o 71, do 24 de marzo).

¹² Para estes efectos véxanse o R.D.L. 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da lei de augas (BOE n^o 176, do 24 de xullo); a Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas (BOE n^o 176, do 24 de xullo); a Lei de montes do 8 de xuño de 1957 (BOE n^o 151, do 10 de xuño); o R.D.L. 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual (BOE n^o 97, do 22 de abril), modificado pola Lei 5/1998, do 6 de marzo (BOE n^o 57, do 7 de marzo) e pola Lei 1/2000, do 7 de xaneiro (BOE n^o 7, do 8 de xaneiro); a Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes de invención e modelos de utilidade (BOE n^o 73, do 26 de marzo), coas súas modificacións, e tamén o Estatuto da propiedade industrial, texto refundido pola Real Orde do 30 de abril de 1930 (Gaceta do 7 de maio).

No ámbito da C. A. téñase en conta a Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da C. A. de Galicia (DOG n^o 118 bis, do 21 de xuño).

3. Terán a consideración de propiedades administrativas especiais, para estes efectos, as augas terrestres, minas, montes e dereitos de propiedade incorporal, cando a súa titularidade en concepto de demanio ou patrimonio poida ser outorgada ou lle corresponda á Comunidade Autónoma de Galicia (*art. 5 Lei*).

Artigo 6

1. Os bens e dereitos demaniais da Comunidade Autónoma de Galicia son indisponibles e non poderán ser obxecto de tráfico xurídico privado mentres ostenten tal condición, aplicándoseles exclusivamente as peculiares modalidades de tráfico administrativo reguladas na Lei do Patrimonio da Comunidade Autónoma e no presente Regulamento¹³.

2. O tráfico privado dos bens e dereitos patrimoniais esixe a previa observancia das disposicións da Lei do Patrimonio da Comunidade Autónoma e deste Regulamento¹⁴ (*art. 6 Lei*).

Artigo 7

1. O exercicio das funcións dominicais sobre o patrimonio da Comunidade Autónoma, así como a súa representación extraxudicial, correspóndelle á Consellería de Economía e Facenda, que o exercerá a través da *Dirección Xeral do Patrimonio*, salvo cando estea atribuído aquel ó Parlamento ou á Xunta. A representación en xuicio é competencia da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia¹⁵.

2. O disposto no apartado anterior enténdese sen prexuício das funcións e responsabilidades doutras Consellerías, entes públicos autonómicos e órganos estatutarios, para a

¹³ Arts. 8 a 32 deste regulamento.

¹⁴ Arts. 33 a 116 deste regulamento.

¹⁵ Art. 5º c) do Rto. orgánico da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, aprobado polo D. 370/1992, do 3 de decembro (DOG nº 252, do 29 de decembro).

administración, xestión e conservación dos bens e dereitos demaniais que lles foran adscritos¹⁶ para o cumprimento dos seus fins.

3. No exercicio das funcións de administración, xestión e conservación dos bens e dereitos demaniais que tivesen adscritos, as Consellerías, entes públicos autonómicos e órganos estatutarios manterán coa *Dirección Xeral do Patrimonio* a coordinación precisa para a boa orde daqueles (*art. 7 Lei*).

¹⁶ Arts. 18 e ss. deste regulamento.

TÍTULO PRIMEIRO

TRÁFICO XURÍDICO DO PATRIMONIO

CAPÍTULO PRIMEIRO

FORMAS DE TRÁFICO ADMINISTRATIVO DOS BENS DEMANIAIS

Sección 1ª. Normas xerais

Artigo 8

Os bens e dereitos demaniais da Comunidade Autónoma de Galicia son inalienables, imprescritibles e inembargables¹⁷, e, en consecuencia, non poden ser obxecto de gravame, carga, afección, transacción ou arbitraje (*art. 8 Lei*).

Artigo 9

1. As Consellerías, entes públicos autonómicos e órganos estatutarios que precisen bens patrimoniais determinados para o cumprimento dos seus fins dirixiranse por conducto do titular da Consellería ou dos respectivos presidentes daqueles á Consellería de Economía e Facenda, expresando cales sexan e a finalidade que teñan prevista.

2. Igualmente poderán dirixirse á Consellería de Economía e Facenda reclamando a información que precisen sobre bens existentes no Patrimonio da Comunidade Autónoma que poidan ser utilizados para a satisfacción dos seus fins.

Se, a xuício da *Dirección Xeral do Patrimonio* existen bens adecuados para a satisfacción das necesidades indicadas, poñerase en coñecemento da Consellería, ente público ou

¹⁷ Art. 132.1 da CE.

órgano estatutario interesado, que, se lles convén, poderán pedi-la adscripción do ben, ou se é o caso, a correspondente afectación.

Sección 2ª. Afectación

Artigo 10

A integración dos bens e dereitos no dominio público orixínase pola súa afectación expresa ou tácita ó uso xeral ou á prestación dos servizos públicos propios da Comunidade Autónoma de Galicia (*art. 9.1 Lei*).

Artigo 11

A afectación expresa dos bens patrimoniais ó uso xeral ou ós servizos públicos da Comunidade Autónoma realizarase por medio de resolución do Consello da Xunta a proposta da Consellería de Economía e Facenda. A dita resolución adoptará a forma de Decreto (*art. 9.2 Lei*).

Artigo 12

A Consellería de Economía e Facenda, logo de instrución do correspondente expediente de afectación pola *Dirección Xeral do Patrimonio*, á vista das razóns invocadas para a afectación e das que poidan facer conveniente a conservación dos bens no Patrimonio, elevará ó Consello da Xunta a proposta de resolución de afectación.

Artigo 13

A resolución de afectación expresará o ben ou bens que comprenda, o fin ou fins a que se destine, a circunstancia de quedar integrados no dominio público da Comunidade Autónoma e, se é o caso, a Consellería, ente público ou órgano

estatutario ó que, ó quedarlle adscrito o ben, lle corresponderá o exercicio das competencias demaniais.

Artigo 14

1. Autorizada a afectación, extenderase a pertinente acta, que subscribirán o *Director Xeral do Patrimonio* da Comunidade Autónoma en representación do Conselleiro de Economía e Facenda e o titular da Consellería, presidente ou ente público ou órgano estatutario ó que se adscriba o ben afectado.

2. A acta conservarase na *Dirección Xeral do Patrimonio* e farase constar no Inventario Xeral de Bens e Dereitos e, cando proceda, no Rexistro da Propiedade correspondente¹⁸.

Artigo 15

Leva implícita a afectación de bens e dereitos patrimoniais ó uso xeral e ó servizo público de que se trate:

a) A utilización de feito de tales bens ou dereitos para o cumprimento de fins de uso xeral ou de servizo público durante o prazo dun ano.

Os órganos da Comunidade Autónoma que tivesen coñecemento de que se produciu esta afectación presunta deberano poner en coñecemento da *Dirección Xeral do Patrimonio* para que, se procede, se extenda a correspondente acta de afectación e se incorporen os bens e dereitos de que se trate ó inventario e rexistros públicos pertinentes.

b) A aprobación, polo Consello da Xunta, de plans, programas, proxectos ou resolucións que conleven, expresa ou implicitamente, o destino específico de determinados bens ou dereitos ó cumprimento directo daquelas finalidades de uso

¹⁸ Arts. 150 a 168 deste regulamento.

xeral ou de servizo público, a cal será comunicada á *Dirección Xeral do Patrimonio*.

c) A resolución do Parlamento de Galicia, que se executará nos termos que a mesma estableza.

d) A adquisición dun ben a título oneroso para o cumprimento dunha finalidade de uso xeral ou servizo público.

e) A adquisición dun ben a título lucrativo ou mortis causa, sempre que o transmitente faga consta-la finalidade de uso xeral ou de servizo público (*art. 9.2 Lei*).

Artigo 16

A adquisición de bens ou dereitos por usucapión, de conformidade coas regras de dereito privado¹⁹, equivale á afectación, sen necesidade de ningún acto formal, cando os actos posesorios se vinculasen ó cumprimento dos fins determinantes da integración demanial (*art. 9.3 Lei*).

Artigo 17

A adquisición de bens ou dereitos mediante expropiación forzosa²⁰ significa a súa afectación ós fins que foron determinantes da declaración de utilidade pública ou de interese social sen necesidade de ningún outro acto expreso, quedando adscritos á Consellería competente ou ó ente público beneficiario da expropiación (*art. 9.4 Lei*).

¹⁹ Véxanse especialmente os arts. 1.930 a 1.960 do CC.

²⁰ Véxanse os arts. 33 da CE e 349 do CC, así como a Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954 (BOE nº 351, do 17 de decembro), e o seu regulamento, aprobado polo D. do 26 de abril de 1957 (BOE nº 160, do 20 de xuño).

Sección 3ª. Adscrición

Artigo 18

A adscrición conferirá ás Consellerías, entes públicos autonómicos ou órganos estatutarios as facultades de administración, xestión e conservación dos bens e dereitos demaniais que se lles adscriban, tendo o seu uso e disfrute que ser conforme co fin previsto na resolución de afectación (*art. 13 Lei*).

Artigo 19

1. A adscrición de bens e dereitos demaniais ás Consellerías ou órganos estatutarios realizarase por medio de Orde do Conselleiro de Economía e Facenda, a proposta da *Dirección Xeral do Patrimonio*, logo de solicitude da Consellería ou órgano estatutario interesado.

2. A adscrición considerarase implícita na afectación ó dominio público.

Artigo 20

1. Os entes públicos autonómicos, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, xa se trate de organismos autónomos ou doutras entidades públicas dependentes administrativamente das distintas Consellerías, poderán ser cesionarios de bens ou dereitos demaniais pertencentes ó patrimonio da Comunidade Autónoma, cando estes sexan necesarios para o cumprimento directo dos fins atribuídos á súa competencia.

2. En virtude do acordo de cesión producirase a correspondente adscrición dos bens ou dereitos ó organismo autónomo ou entidade pública, sen que iso supoña cambio na titularidade ou calificación xurídica dos bens ou dereitos cedidos.

3. A Consellería da que depende a entidade pública ou organismo autónomo adoptará as medidas que considere oportunas para a adecuada conservación dos bens e a súa efectiva aplicación ós fins expresadas no acordo de adscrición.

Artigo 21

1. Cando os bens e dereitos adscritos deixen de ser necesarios para o cumprimento directo dos fins determinantes da cesión, reverterá o seu uso á Consellería da que dependan administrativamente.

2. O acordo aprobatorio da reversión do uso dos bens e dereitos demaniais adscritos a entidades públicas ou organismos autónomos orixina a desafectación, sen necesidade de ningún outro acto formal, cando a Consellería cedente ou outro organismo da Administración da Comunidade Autónoma, central ou institucional, non asuman, simultaneamente, a xestión e exercicio das competencias expresadas no acordo de adscrición.

3. Os acordos de reversión surten efectos de mutación demanial dos bens e dereitos, nos termos dos parágrafos 1 e 2 do artigo 30, cando, con ocasión dos mesmos, se impuxese unha nova afectación.

4. Os acordos de adscrición e reversión de uso regulados nos artigos 20 e 21 observarán as formalidades que establece o artigo 31 deste Regulamento nos seus respectivos casos.

Artigo 22

A sucesión entre organismos públicos nos supostos de creación, supresión ou reforma de departamentos da Administración da Comunidade Autónoma e organismos e entidades públicas dependentes da mesma en virtude da norma legal ou regulamentaria non supón novación das causas determinantes da afectación dos bens e dereitos no dominio

público da Comunidade Autónoma, que continuarán afectos ó exercicio das competencias e funcións obxecto de traspaso ou subrogación, sen necesidade de declaración expresa.

Non obstante a adscrición dos bens e dereitos que lle correspondan realizarase consonte co establecido nesta sección (*art. 14 Lei*).

Sección 4ª. Desafectación

Artigo 23

Cando os bens e dereitos de dominio público da Comunidade Autónoma non fosen necesarios para o cumprimento dos fins determinantes da súa afectación, cesará a súa natureza demanial e adquirirán a condición de patrimoniais sen prexuício, se é o caso, do dereito de reversión nos termos da lexislación de expropiación forzosa²¹, respecto daqueles bens adquiridos por este título (*art. 10 Lei*).

Artigo 24

1. A desafectación deberase facer mediante resolución do Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Economía e Facenda. A dita resolución adoptará forma de Decreto.

2. Para tal efecto, as distintas Consellerías, entes públicos ou órganos estatutarios que teñan adscritos bens demaniais de titularidade da Comunidade Autónoma deberán poñer en coñecemento da Consellería de Economía e Facenda os datos e circunstancias que permitan a identificación do ben e as causas que determinen a desafectación.

²¹ Arts. 63 a 70 do Regulamento da Lei de expropiación forzosa, aprobado polo D. do 26 de abril de 1957 (BOE nº 160, do 20 de xuño).

3. A *Dirección Xeral do Patrimonio* instruirá o correspondente expediente e unha vez acreditada a desaparición das causas xustificativas da afectación reclamará da Consellería, ente público ou órgano estatutario interesado a designación dun representante que, xunto co nomeado polo mencionado centro directivo, formalicen a correspondente acta de entrega do ben ó patrimonio da Comunidade Autónoma.

4. O acordo de desafectación farase constar no Inventario Xeral de Bens e Dereitos e, cando proceda, no Rexistro da Propiedade²² (*art. 10.2 Lei*).

Artigo 25

A desafectación esixe norma con categoría de Lei ou Resolución do Parlamento, cando os actos de afectación revestisen tales formalidades, correspóndenlle²³ á Consellería de Economía e Facenda propoñer ó Consello da Xunta a iniciativa que, dado o caso, esta teña que adoptar no exercicio das súas competencias (*art. 10.3 Lei*).

Artigo 26

1. As pertenzas ou porcións sobrantes en operacións de deslindamento²⁴ de bens de dominio público enténdense desafectadas, adquirindo a súa natureza patrimonial, sen necesidade de ulterior requisito formal, o que non exclúe a obriga de subscribi-la acta de entrega á que se refire o art. 24,3 deste Regulamento.

2. Para os efectos expresados no apartado anterior, de tales deslindamentos deberá darse conta polo órgano competente á

²² Arts. 150 a 168 deste regulamento.

²³ Erro non corrixido. Debería dicir "correspondéndolle".

²⁴ Arts. 170 a 181 deste regulamento.

Dirección Xeral do Patrimonio, que designará un representante para subscribi-la acta de entrega.

3. A Consellería de Economía e Facenda poderá reclamar das Consellerías competentes o deslindamento dos bens de dominio público dos posibles terreos sobrantes, para efectos da integración no patrimonio da Comunidade Autónoma como bens patrimoniais (*art. 10.4 Lei*).

Artigo 27

Salvo o disposto no artigo anterior, a incorporación ó dominio privado da Comunidade Autónoma dos bens desafectados non se entenderá efectuada ata a recepción formal por parte da Consellería de Economía e Facenda dos bens de que se trate, e mentres a mesma non teña lugar seguirán tendo aqueles o carácter de dominio público.

Artigo 28

A desafectación e ulterior destino dos bens transferidos²⁵ polo Estado á Comunidade Autónoma realizarase conforme ó disposto nos artigos anteriores cando os bens estean afectos a un servizo público propio da Comunidade Autónoma. A dos destinados ó uso xeral farase de conformidade coas leis que os regulen, a iniciativa da Comunidade Autónoma (*art. 11 Lei*).

Sección 5ª. Desadscripción

Artigo 29

1. A desadscripción de bens e dereitos demaniais das Consellerías ou dos órganos estatutarios realizarase conforme

²⁵ Con carácter xeral, téñase en conta o R.D. 581/1982, do 26 de febreiro, sobre normas de traspaso de servizos do Estado á CA de Galicia e funcionamento da Comisión Mixta de Transferencias (BOE nº 71, do 24 de marzo).

ó mesmo procedemento sinalado no artigo 19 para a adscrición.

2. Os bens ou dereitos demaniais poderán ser obxecto dunha ou máis adscricións sempre que a utilización conxunta non resulte incompatible e se manteña a mesma afectación, correspondendo as facultades de administración, xestión e conservación do ben de forma conxunta e proporcional ós distintos órganos ós que veña adscrito. Se xurdisen discrepancias entre os distintos órganos que tivesen adscrito o ben, decidirá a Consellería de Economía e Facenda, logo de audiencia dos órganos interesados.

3. Se a adscrición dun ben ou dereito demanial que xa estea adscrito a unha Consellería ou órgano estatutario fose solicitado por outro, a Consellería de Economía e Facenda, a proposta da *Dirección Xeral do Patrimonio*, decidirá se procede mante-la adscrición inicial, modificala ou realizar unha adscrición conxunta, logo de audiencia dos órganos interesados.

4. A desafectación dos bens ou dereitos de dominio público significará, en todo caso, a súa desadscrición orgánica.

Sección 6ª. Mutacións demaniais

Artigo 30

1. Os cambios de afectación por novación da causa determinante da integración como demaniais dos bens e dereitos no patrimonio da Comunidade Autónoma orixinan a mutación de destino dos mesmos.

2. A mutación demanial implica alteración da adscrición orgánica dos bens ou dereitos e modificación de competencia funcional e fins específicos a que aqueles se vinculan, sen

transferencia de titularidade nin cambio da súa calificación xurídica.

3. Os bens e dereitos demaniais, sen mutación do destino determinado pola súa afectación principal, poderán ser obxecto de unha ou máis afectacións secundarias, sempre que os diversos fins e competencias concorrentes non resulten incompatibles. A concorrencia de diversas afectacións respecto dun mesmo ben ou dereito non altera a adscrición orgánica esixida pola afectación principal, que conferirá ó seu titular as facultades de administración, xestión e conservación, sen prexuício do exercicio das que correspondan ás Consellerías, entes públicos ou organismos estatutarios titulares dun interese específico por razón da afectación secundaria (*art. 12 Lei*).

Artigo 31

1. A mutación de destino de bens e dereitos demaniais ou a imposición de afectacións secundarias sobre os mesmos require acordo do Consello da Xunta, logo de instrucción do correspondente expediente pola Consellería de Economía e Facenda a través da *Dirección Xeral do Patrimonio* a instancia das Consellerías, entes públicos ou órganos estatutarios interesados. O dito acordo adoptará a forma de Decreto.

2. Para estes efectos, as Consellerías, os entes públicos ou os órganos estatutarios que precisen bens para dedicalos a fins distintos, e que xa estean adscritos a outros, dirixiranse á *Dirección Xeral do Patrimonio* a fin de que se incoe o oportuno expediente no que, con audiencia das Consellerías, entes públicos ou órganos estatutarios interesados se decida sobre a afectación do ben ou bens de que se trate.

3. Se xorden discrepancias entre as Consellerías, entes públicos ou órganos estatutarios interesados ou entre algún destes e a Consellería de Economía e Facenda acerca da afectación ou cambio de destino dun ben ou bens determinados, a

resolución correspondente será da competencia do Consello do Goberno a proposta da Consellería de Economía e Facenda, e adoptará forma de Decreto.

4. En todo caso, a resolución que se dicte será motivada e expresará os fins a que se afecta o uso dos bens, a Consellería, entes públicos ou órganos estatutarios a que se adscriben, e, se é o caso, as facultades e deberes doutras Consellerías, entes públicos ou órganos estatutarios titulares de afectacións accesorias.

5. As mutacións ou ampliacións do destino de bens e dereitos demaniais formalizaranse mediante acta de entrega ou ampliación asinada polos Conselleiros dos departamentos interesados e polo de Economía e Facenda.

6. As mutacións ou ampliacións do destino dos bens e dereitos demaniais esixen norma con categoría de Lei ou Resolución do Parlamento se os actos de afectación revestiron tales formalidades (*art. 12.5 Lei*).

Artigo 32

As modificacións do destino dos bens e dereitos transferidos polo Estado á Comunidade Autónoma de Galicia realizaranse conforme ó disposto neste Regulamento, sen prexuício do establecido nas leis que as regulen (*art. 12.6 Lei*).

CAPÍTULO SEGUNDO**Requisitos especiais do tráfico dos bens patrimoniais****Sección 1ª. Adquisición****Apartado A. Regras xerais.***Artigo 33*

A Comunidade Autónoma ten plena capacidade para adquirir e posuír bens e dereitos polos medios establecidos polo ordenamento xurídico²⁶ (*art. 16 Lei*).

Artigo 34

1. A adquisición pura e simple de bens a título gratuito ou lucrativo requirirá Decreto do Consello da Xunta de Galicia, a proposta da Consellería de Economía e Facenda²⁷.

2. A aceptación de herdanzas entenderase sempre feita a beneficio de inventario²⁸ (*art. 17 Lei*).

Artigo 35

Salvo no caso de expropiación forzosa e nos de adquisición directa previsto nos artigos 46 e 51, as adquisicións entre vivos a título oneroso suxeitaranse ós requisitos de publicidade e concorrencia establecidos neste Regulamento e

²⁶ Arts. 43 do EAG e 609 do CC.

²⁷ Véxanse os arts. 618 a 1.087 do CC. Sobre a sucesión intestada a favor da CA, téñanse en conta os arts. 153 e 154 da Lei 4/1995, do 24 de maio, de dereito civil de Galicia (DOG nº 107, do 6 de xuño), así como o D. 94/1999, do 25 de marzo, sobre réxime administrativo da sucesión intestada en favor da CA de Galicia (DOG nº 73 do 19 de abril).

²⁸ Arts. 1.010 e ss. do CC.

subsidiariamente ós da lexislación sobre contratación administrativa²⁹ (*art. 18 Lei*).

Artigo 36

1. As adquisicións realizadas no marco do procedemento expropiatorio observarán as normas específicas do mesmo³⁰.

2. Estas adquisicións levarán implícita a afectación dos bens ós fins que determinaron a súa declaración de utilidade pública³¹ ou interese social, así como a súa adscrición (*art. 19 Lei*).

Artigo 37

Á *Dirección Xeral do Patrimonio* corresponderalle a cuantificación, taxación pericial e formalización, se é o caso, das operacións de escrituración, rexistro e inventario dos bens e dereitos que, como consecuencia de procedementos xudiciais ou administrativos, resulten adxudicados á Comunidade Autónoma de Galicia (*art. 20 Lei*).

Artigo 38

1. Non se poderán adquirir bens ou dereitos a título lucrativo cando o valor global dos gravames, cargas ou afeccións impostos sobre os mesmos sobrepase o seu valor intrínseco.

2. Non se considerarán cargas, gravames ou afeccións os investimentos que teña que realiza-la Comunidade Autónoma

²⁹ Nesta materia deben terse en conta principalmente o TRLCAP. De xeito complementario pode consultarse o Rto. xeral da lei, aprobado polo R.D. 1098/2001, do 12 de outubro (BOE nº 257, do 26 de outubro).

³⁰ Consúltense a Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954 (BOE nº 351, do 17 de decembro) e o seu regulamento, aprobado polo D. do 26 de abril de 1957 (BOE nº 160, do 20 de xuño).

³¹ Como normas específicas véxanse as disposicións adicionais 2ª e 3ª da Lei 7/1998, do 30 de decembro, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública e xestión (DOG nº 252, do 31 de decembro).

para da-lo destino de uso xeral ou servizo público da súa competencia que fixe o cedente ou doador.

3. As adquisicións de bens e dereitos a título oneroso efectuaranse libres de toda carga, gravame ou afectación, se así o esixise o cumprimento directo dos fins determinantes da súa adquisición. Sen embargo, poderán subsistir aquelas limitacións a título de licencia, permiso ou concesión administrativa das que o exercicio resulte compatible co fin da afectación.

4. A subsistencia de cargas, gravames, dereitos ou afeccións sobre bens obxecto de expropiación forzosa decidirase no marco do procedemento expropiatorio.

5. Cando os bens ou dereitos se adquirisen baixo condición ou carga de vinculación permanente a determinados destinos, entenderanse cumpridos e consumados se durante trinta anos estivesen afectos ós mesmos e deixasen de estalo por circunstancias sobrevindas de interese público (*art. 23 Lei*).

Apartado B. Adquisición de bens inmobles a título oneroso.

Artigo 39

1. A adquisición a título oneroso de bens inmobles será realizada pola Consellería de Economía e Facenda, a través da *Dirección Xeral do Patrimonio*, calquera que sexa o valor dos mencionados bens e a Consellería a iniciativa da cal se realice ou á que se deban de adscribir³².

³² Sobre a adquisición a título oneroso debe terse en conta o acordo adoptado o 12 de novembro de 1992 polo Consello da Xunta, que di o seguinte:

“Calquera iniciativa de adquisicións a título oneroso de bens e dereitos sobre inmobles que pretenda ser levada a cabo polas distintas consellerías deberá, dende a súa fase inicial, ser posta inexcusablemente en coñecemento da Consellería de Economía e Facenda, quen a través da Secretaría Xeral Técnica e do

2. Exceptúase o suposto de adquisicións realizadas a través do procedemento expropiatorio, conforme co artigo 35, pero a Consellería ou ente público interesado deberá darlle conta á *Dirección Xeral do Patrimonio* do inmovible adquirido, con expresión das súas características e das circunstancias da expropiación (*arts. 18 e 19 Lei*).

Artigo 40

A adquisición farase mediante concurso público, sen prexuício do disposto no artigo 46, e con subsección ós trámites que establecen os artigos seguintes (*art. 18 Lei*).

Artigo 41

1. A *Dirección Xeral do Patrimonio* redactará o prego de condicións do concurso ou, no seu defecto, incorporará ó expediente o que redactase a Consellería que propuxese a adquisición.

Patrimonio determinará a iniciación do correspondente expediente de adquisición, logo da xustificación suficiente no programa de necesidades.

A estes efectos o trámite a seguir axeitárase ós seguintes requisitos:

1.- Tódalas adquisicións levaranse a cabo mediante o correspondente concurso público e, no caso de prescindir deste procedemento nos supostos do artigo 18.2 da Lei 3/85, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma cando se solicite e acorde a adquisición directa será sempre atendendo ós principios de igualdade, publicidade e concorrencia, reducindo a casos verdadeiramente excepcionais de peculiaridade do ben as adquisicións sen estes requisitos.

2.- A Consellería interesada dirixirase á Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio solicitando a adquisición ou aluguer cunha proposta que deberá conte-los seguintes datos:

- Programa de necesidades no que se xustifique en base á ampliación dos servizos existentes, carencias dos mesmos ou instalacións de novos servizos a adquisición ou aluguer facendo constar no mesmo a situación, superficie, coste máximo e demais características que permitan convocar o concurso ou acordar a adquisición directa para a posterior recepción de ofertas e selección.

- Documento de retención de crédito polo importe estimado da adquisición ou aluguer.

3.- A Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio será a que no seu caso inicie os contactos cos posibles vendedores ou arrendadores nos que, se o estima procedente, poderán participar os servizos da consellería interesada."

2. O prego de condicións conterá tódolos datos e circunstancias que sexan precisos para a completa determinación das características do inmovible que se pretende adquirir, así como, polo menos, as condicións de pagamento e o modelo de proposición con expresión dos documentos que se deban de xuntar. O dito prego deberá contar co informe da Asesoría Xurídica Xeral³³.

3. O expediente así instruído, no que obrigatoriamente figurará o informe da Intervención Xeral³⁴, xunto coa proposta do *Director Xeral do Patrimonio*, será sometido á aprobación do Conselleiro de Economía e Facenda.

Artigo 42

1. Aprobado o expediente, publicarase a convocatoria no Diario Oficial de Galicia e potestativamente nun dos xornais de maior circulación de Galicia.

2. A convocatoria deberá conter, como mínimo, os mesmos extremos sinalados no número 2 do artigo anterior, e sinalará prazo, que non será inferior a un mes excepto por razóns de urxencia apreciadas pola propia *Dirección Xeral do Patrimonio* que poderá establecerse en quince (15) días naturais, e lugar onde se deben de presenta-las proposicións, así como o día, hora e lugar no que se vaia proceder á apertura das proposicións.

Artigo 43

1. Poderán tomar parte no concurso as persoas, naturais ou xurídicas, nacionais ou extranxeiras, que teñan plena

³³ Arts. 1º, apartados 2 e 3, 9º, apartado 1, e 12º, apartado 3, do Rto. orgánico da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, aprobado polo D. 370/1992, do 3 de decembro (DOG nº 252, do 29 de decembro).

³⁴ Art. 94.2 do TRLRFO.

capacidade xurídica e de obrar ou, no seu defecto, estean asistidas dos medios legais para suplicala³⁵ ou completala.

2. Os concursantes poderán comparecer representados por persoa autorizada con poder bastante para o efecto, sen que para a mera presentación das proposicións a que se refire o apartado seguinte sexa necesario acreditar representación ningunha.

3. As proposicións para o concurso presentaranse en sobre pechado no rexistro xeral da *Dirección Xeral do Patrimonio*, ou polos medios establecidos na Lei de Procedemento Administrativo³⁶, axustaranse ó modelo descrito no prego de condicións e irán acompañadas dos documentos sinalados no mencionado prego.

4. Os concursantes estarán facultados, sen embargo, para suxerir nas súas propostas as modificacións que non supoñan menoscabo esencial das bases do concurso.

Artigo 44

A apertura das proposicións será verificada por unha Mesa constituída da seguinte forma:

- a) O *Director Xeral do Patrimonio* ou funcionario da *Dirección Xeral* en quen delegue, que actuará como presidente.
- b) Un letrado da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.
- c) Un representante da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

³⁵ Erro non corrixido. En vez de "suplicala" debe entenderse "suplila".

³⁶ Véxase o art. 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE nº 12, do 14 de xaneiro).

d) Un representante da Consellería interesada na adquisición, designado polo seu titular.

e) Un funcionario da *Dirección Xeral do Patrimonio*, designado polo seu titular, que actuará como secretario con voz e voto.

Artigo 45

1. Unha vez comprobados os bastanteos polo letrado afecto á Mesa, os poderes e demais documentos acreditativos da persoalidade dos concursantes, o secretario da mesma procederá á lectura das proposicións formuladas cos debidos requisitos, iniciándose, acto seguido, a deliberación.

2. A adxudicación outorgarase, con carácter provisional, á proposición que obtivese maior número de votos, decidindo, en caso de empate, o do presidente. Os vocais da Mesa que disintan do acordo da maioría poderán formular por escrito voto reservado debidamente fundamentado.

3. A acta da sesión, as proposicións presentadas, a proposta de adxudicación e, se é o caso, o voto ou votos reservados, serán sometidos pola *Dirección Xeral do Patrimonio* á resolución do Conselleiro de Economía e Facenda.

Artigo 46

1. A petición da Consellería interesada, e a proposta da *Dirección Xeral do Patrimonio*, a Consellería de Economía e Facenda poderá prescindir do trámite de concurso e autorizar a adquisición por adxudicación directa cando así o requiran as peculiaridades dos bens, as necesidades do servizo ou función que se vai satisfacer, a urxencia extrema da adquisición e afectación ou as limitacións do mercado inmobiliario na localidade onde estean situados os inmobles que se sometan a adquisición.

Cando a contía da adquisición exceda de 1.803.100 euros, a Consellería de Economía e Facenda requirirá autorización do Consello da Xunta de Galicia para realiza-la adquisición directa³⁷.

2. Deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia mediante Resolución da *Dirección Xeral do Patrimonio* as razóns que xustifiquen a adquisición directa.

3. Para realiza-la adquisición directa, o órgano de contratación, sempre que sexa posible, deberá de solicitar polo menos tres ofertas, deixando constancia diso no expediente.

4. O exercicio dos dereitos de tanteo e retracto³⁸ tendentes á adquisición de bens que se incorporen ó Patrimonio da Comunidade Autónoma correspóndelle á Consellería de Economía e Facenda, por proposta da *Dirección Xeral do Patrimonio* e logo de informe da Intervención Xeral (*art. 18.2 Lei*).

Artigo 47

1. Para a efectividade das adquisicións de bens inmobles a título oneroso poderanse adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual nos termos previstos na Lei de xestión económica e financeira pública para investimentos reais³⁹.

³⁷ Parágrafo modificado polo D. 180/2003, do 27 de febreiro, polo que se modifican as contías establecidas nos artigos 26, 34.1º e 2º, 35.2º e 36 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, así como varios artigos do regulamento que a executa, aprobado polo Decreto 50/1989, do 9 de marzo (DOG nº 52, do 14 de marzo). A contía anterior era 300 millóns de pesetas.

³⁸ Arts. 1.507 a 1.525 do CC.

³⁹ Esta remisión normativa debe entenderse referida ó art. 58 do TRLRFO, modificado polo art. 5º da Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e actuación administrativa (DOG nº 252, do 31 de decembro), polo art. 3º da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG nº 251, do 29 de decembro) e polo art. 20 da Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo (DOG nº 84, do 2 de maio).

2. A adquisición de inmobles poderase facer por medio de «leasing» e aprazamento de pagos cando as circunstancias así o aconsellen e por razóns de economía e oportunidade, logo de informe favorable da *Dirección Xeral do Patrimonio*.

3. Nestes casos, a compra conceptuarase como un proxecto plurianual e o correspondente contrato deberase realizar de acordo cos trámites establecidos nos artigos precedentes (*art. 18.3 Lei*).

Artigo 48

1. En todo caso, a *Dirección Xeral do Patrimonio* será a competente para a formalización notarial dos correspondentes contratos.

No outorgamento das escrituras ostentará a representación da Comunidade Autónoma o *Director Xeral do Patrimonio* ou funcionario en quen delegue (*art. 18.3 Lei*).

2. Así mesmo, o citado centro directivo procederá a inscribi-lo inmovible no Rexistro da Propiedade e a incluílo no Inventario Xeral de Bens e Dereitos⁴⁰.

Apartado C. Adquisición de bens mobles.

Artigo 49

1. A adquisición a título oneroso de bens mobles corporais realizaraa a Consellería, ente público ou órgano estatutario que vaia utilizalos, e levará implícita, se é o caso, a afectación dos mesmos ó servizo público correspondente (*art. 18 bis Lei*).

⁴⁰ Arts. 150 a 168 deste regulamento.

2. En todo caso o Consello da Xunta poderá acorda-la adquisición centralizada de determinados bens mobles, por unha soa Consellería ou organismo (*art. 18 bis Lei*).

Artigo 50

1. A adquisición rexerese polo procedemento sinalado pola contratación⁴¹ administrativa vixente para os contratos de subministración⁴².

2. A Comunidade Autónoma poderá adquirir bens mobles por ocupación na forma establecida na normativa vixente⁴³.

Artigo 51

1. A adquisición de bens mobles poderase facer por medio de «leasing» e aprazamento de pagos nos termos previstos nos parágrafos 2 e 3 do artigo 47.

2. Cando a adquisición dos mobles teña por obxecto substituír outros que resultasen obsoletos, poderase empregar como un medio de pago a entrega ó provedor dos xa utilizados, logo de taxa-los mesmos a *Dirección Xeral do Patrimonio*.

Apartado D. Outras adquisicións.

Artigo 52

1. A adquisición a título oneroso de cotas, partes alícuotas ou títulos representativos do capital de empresas constituídas consonte co dereito privado será realizada mediante compra ou subscripción polo Consello da Xunta a proposta da Consellería de Economía e Facenda, oída a Consellería

⁴¹ Erro non corrixido. En vez de “contratación” debería dicir “lexislación”.

⁴² Véxanse os arts. 171 a 195 do TRLCAP.

⁴³ Arts. 610 a 617 do CC.

competente por razón da materia, e logo de informe da *Dirección Xeral do Patrimonio*⁴⁴.

2. Correspóndelle á *Dirección Xeral do Patrimonio* a tramitación do oportuno expediente e a formalización dos mencionados actos, en nome da Comunidade Autónoma.

3. Cando se trate de empresas mercantís, a participación da Comunidade Autónoma resultante da adquisición non poderá ser inferior ó 10 por 100 do importe do capital social.

4. A compra ou subscrición de obrigacións, bonos, cotas ou outros títulos acreditativos de débeda emitida por empresas mercantís esixirá que a porcentaxe de participación no capital social non resulte inferior a un 10 por 100 do mesmo na eventual circunstancia da súa conversión en accións ou títulos con análogo carácter.

5. Os títulos ou os resgardos de depósito correspondentes custodiaranse na *Dirección Xeral do Patrimonio* (art. 21 Lei).

Artigo 53

1. A adquisición de propiedades incorporais⁴⁵ correspóndelle ó Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Economía e Facenda (art. 21.4 Lei).

2. É competencia da *Dirección Xeral do Patrimonio* a tramitación dos respectivos expedientes, logo de informe da Consellería competente por razón da materia.

⁴⁴ Art. 113 deste regulamento.

⁴⁵ Consúltense a Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes de invención e modelos de utilidade (BOE nº 73, do 26 de marzo), coas súas modificacións, o Estatuto da propiedade industrial, texto refundido pola Real Orde do 30 de abril de 1930 (Gaceta do 7 de maio) e o R.D.L. 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual (BOE nº 97, do 22 de abril), modificado pola Lei 5/1998, do 6 de marzo (BOE nº 57, do 7 de marzo).

Artigo 54

1. Compételle á Consellería de Economía e Facenda⁴⁶ concertar os arrendamentos de bens inmoables⁴⁷ necesarios para o desenvolvemento das funcións da Comunidade Autónoma.

2. Estes arrendamentos concertaranse mediante concurso público, que se suxeitará ó procedemento establecido nos artigos 43 a 47 para a adquisición de bens inmoables a título oneroso, mais coa peculiaridade de que o *Director Xeral do Patrimonio* substituirá ó Conselleiro de Economía e Facenda (*art. 22 Lei*).

Artigo 55

1. Non obstante o disposto no artigo anterior, a Consellería de Economía e Facenda poderá autoriza-la concertación directa do arrendamento cando o requiran as peculiaridades dos bens, as necesidades do servizo ou función que se vai satisfacer, a urxencia extrema da adquisición e afectación ou as limitacións do mercado inmobiliario na localidade onde aqueles estean situados.

2. Deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia, mediante Resolución da *Dirección Xeral do Patrimonio*, as razóns que xustifiquen a concertación directa.

3. Para realiza-la adquisición directa, o órgano de contratación, sempre que sexa posible, deberá de solicitar polo menos tres ofertas, deixando constancia diso no expediente.

⁴⁶ Consúltese a nota ó art. 39.1 deste regulamento.

⁴⁷ Téñanse en conta os arts. 35 a 56 da Lei 4/1995, do 24 de maio, de dereito civil de Galicia (DOG nº 107, do 6 de xuño), a Lei 83/1980, do 31 de decembro, de arrendamentos rústicos (BOE nº 26, do 30 de xaneiro de 1981) e a Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos (BOE nº 282, do 25 de novembro).

Artigo 56

Correspóndelle ó *Director Xeral do Patrimonio* formalizar por si ou polo funcionario adscrito á *Dirección Xeral* en quen delegue o correspondente contrato.

Artigo 57

Concertado o arrendamento e posto o inmovible ó dispor do órgano que o debe de utilizar, corresponderalle á Consellería respectiva, ente público ou órgano estatutario adoptar tódalas medidas que sexan necesarias que por lei incumban ó arrendatario para mante-lo inmovible en condición de servir en todo momento ó fin a que se destina, sen prexuício das funcións que competen á Asesoría Xurídica Xeral para a defensa en xuízo⁴⁸ dos dereitos da Comunidade Autónoma como arrendataria.

Artigo 58

1. É competencia da *Dirección Xeral do Patrimonio* dispoñer a resolución voluntaria dos contratos de arrendamento de inmovibles en favor da Comunidade Autónoma e a adscrición dos mesmos ás Consellerías, entes públicos ou órganos estatutarios, se é o caso.

2. Para estes efectos, cando a finca deixe de ser necesaria para o servizo do órgano estatutario ou da Consellería ou entidade pública, estes poñerano en coñecemento da *Dirección Xeral do Patrimonio* antes de desaloxa-lo inmovible, e, unha vez acreditado que o mesmo non é necesario para o servizo doutro órgano da Comunidade Autónoma, o citado centro directivo dispoñerá a resolución do contrato.

⁴⁸ Art. 5º.1.c) do Rto. orgánico da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, aprobado polo D. 370/1992, do 3 de decembro (DOG nº 252, do 29 de decembro).

Artigo 59

O arrendamento de bens mobles será concertado pola Consellería, ente público ou órgano estatutario interesado, de acordo co previsto nos artigos anteriores. Para estes efectos entenderase que, en principio, concorre algunha das circunstancias previstas no artigo 55.1.

Sección 2ª. Alleamento e cesión

Apartado A. Bens inmobles.

Artigo 60

1. O alleamento ou gravame por calquera título de bens inmobles do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia ou de dereitos impostos sobre os mesmos require a previa declaración da súa alienabilidade, que será acordada polo Conselleiro de Economía e Facenda, a proposta da *Dirección Xeral do Patrimonio*, logo de informe da Consellería interesada.

2. Non poderán ser obxecto de declaración de alienabilidade:

- a) Os bens que estivesen en litixio.
- b) Os bens non deslindados ou non inscritos previamente no Rexistro da Propiedade⁴⁹.
- c) Os bens ou dereitos cando a súa titulación non subministre os datos relativos á súa identidade.

⁴⁹ Consúltense os arts. 150 a 168 deste regulamento.

3. A declaración de alienabilidade será publicada no Diario Oficial de Galicia, con expresión das súas circunstancias (*art. 24 Lei*).

Artigo 61

1. Non se poderá promover a venda⁵⁰ dos bens que estean en litixio. Se se suscitase despois de iniciado o procedemento de alleamento, este quedará provisionalmente suspendido⁵¹ (*art. 27 Lei*).

2. Se se tratase de bens non deslindados ou non inscritos, procederase a depurar a súa situación física e xurídica, practicándose o seu deslindamento e inscribíndoos no Rexistro da Propiedade.

3. Se nos documentos relativos á titulación dos bens ou dereitos de que se trate, non constase a súa natureza, situación, lindeiros ou calquera outro dato esencial para a súa identidade, repararase esta omisión con carácter previo á declaración de alienabilidade.

Artigo 62

1. Todo expediente de venda de fincas iniciarase coa taxación das mesmas por perito que nomee para o efecto a *Dirección Xeral do Patrimonio*⁵², incorporándose ó expediente a ficha do inventario ou confeccionándose a mesma se por calquera circunstancia non figura incluída a finca no Inventario Xeral de Bens e Dereitos.

2. Á vista dos datos contidos na ficha, o perito designado para a taxación procederá sobre o terreo a verifica-las

⁵⁰ Véxanse os arts. 1.445 a 1.537 do CC.

⁵¹ Véxase o art. 66.2 deste regulamento.

⁵² Véxase a disposición adicional 7ª deste regulamento.

características físicas da finca, facendo referencia das mesmas na folla de taxación que formule.

3. A taxación pericial será sometida á aprobación da *Dirección Xeral do Patrimonio* e incorporada á declaración de alienabilidade e servirá para determina-la autoridade a quen compete acorda-lo alleamento do inmovle e, se é o caso, o tipo para a subhasta que se debe de celebrar.

Artigo 63

Correspóndelle á Consellería de Economía e Facenda acorda-lo alleamento cando o valor dos bens e dereitos, segundo a declaración de alienabilidade, non exceda de 3.005.000 euros; ó Consello da Xunta de Galicia, por proposta da mencionada consellería, cando sobrepase esa cantidade, e ó Parlamento, mediante lei, se excedese de 12.020.000 euros.⁵³

A Consellería de Economía e Facenda, o Consello da Xunta de Galicia e o Parlamento de Galicia poderán autorizar, nos respectivos acordos de alleamento, a subscrición de contratos de alugueiro ou de alugueiro financeiro dos bens que se van allear, cando se considere procedente que temporalmente sigan sendo utilizados polos servizos administrativos. En todo caso, os citados acordos deberán ser adoptados logo de informe da Dirección Xeral de Orzamentos⁵⁴ (*art. 25 Lei*).

⁵³ Parágrafo modificado polo D. 180/2003, do 27 de febreiro, polo que se modifican as contías establecidas nos artigos 26, 34.1º e 2º, 35.2º e 36 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, así como varios artigos do regulamento que a executa, aprobado polo Decreto 50/1989, do 9 de marzo (DOG nº 52, do 14 de marzo), co fin de axeitarse ás contías establecidas no art. 25 da Lei do patrimonio da CA galega. As contías anteriores eran 25.000.000 de pesetas, a primeira, e 250.000.000 de pesetas, a segunda.

⁵⁴ Parágrafo engadido polo D. 180/2003, do 27 de febreiro, citado na nota anterior, para adaptalo á nova redacción do artigo 25 da Lei.

Artigo 64

O alleamento farase mediante poxa pública, salvo cando a Consellería de Economía e Facenda, se o valor é inferior a 1.502.600 euros, ou o Consello da Xunta de Galicia, nos demais casos, por proposta da Consellería de Economía e Facenda, autoricen expresamente o alleamento directo mediante acordo motivado⁵⁵ (art. 26 Lei).

Artigo 65

1. Cando se solicite o alleamento directo, se a *Dirección Xeral do Patrimonio* acorda inicia-lo oportuno expediente, notificará ó solicitante a taxación do inmovible, solicitando a súa conformidade coa mesma. Se a acepta como precio xuntará ó correspondente escrito, o resgardo acreditativo de ter depositado na Caixa de Depósitos⁵⁶, ó dispor da Consellería de Economía e Facenda, o 25 por 100 dese precio, en concepto de fianza.

2. A *Dirección Xeral do Patrimonio* formulará a proposta de alleamento directo ó Conselleiro de Economía e Facenda, logo de informe da Asesoría Xurídica da Consellería e da Intervención Xeral⁵⁷.

3. O acordo de alleamento directo será notificado ó solicitante, advertíndolle ó mesmo tempo que nun prazo de 15 días, a partir da notificación, deberá realiza-lo pagamento do precio

⁵⁵ Art. modificado polo D. 180/2003, do 27 de febreiro, citado na nota ó artigo anterior, para axeitarse á nova contía do art. 26 da Lei do patrimonio da CA galega, que o mesmo decreto modifica. A contía anterior era 25 millóns de pesetas.

⁵⁶ Véxase o art. 8º do D. 312/2000, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Facenda (DOG nº 65, do 2 de abril de 2001).

⁵⁷ Véxanse os arts. 1º, apartados 2 e 3, e 12º do Regulamento orgánico da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, aprobado polo D. 370/1992, do 3 de decembro (DOG nº 252, do 29 de decembro), así como o art. 5º.3.a) do D. 312/2000, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Facenda (DOG nº 65, do 2 de abril de 2001).

total do alleamento, completando o importe da fianza prestada e prevíndoo de que, de non o facer, decaerá do seu dereito, con perda da fianza, sen prexuício do resarcimento á Administración dos posibles crebantamentos que á mesma producise a ineficacia da adxudicación.

Artigo 66

1. Acordada a venda con subxección ós trámites de subhasta, anunciarase esta no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior circulación de Galicia, cunha antelación mínima de 20 días á data sinalada para súa celebración, debendo constar necesariamente nos anuncios:

a) A declaración de alienabilidade do ben en cuestión con expresión da data da resolución da Consellería de Economía e Facenda e do acordo de alleamento recaído.

b) Natureza do ben que se vaia allear, con expresión das circunstancias xurídicas e físicas que permitan a súa identificación e mención da súa condición de ben de dominio privado da Comunidade Autónoma.

c) Día, hora e lugar nos que se debe celebra-la subhasta.

d) Composición da Mesa perante a cal debe ter lugar a mesma.

e) Cantidade que servirá de tipo para a subhasta.

2. Salvo o previsto no artigo 61.1, unha vez anunciada a subhasta, só se poderá suspender por Orde da Consellería de Economía e Facenda, fundada en documentos que proben a improcedencia da venda.

Artigo 67

1. Poderán tomar parte na subhasta todas aquelas persoas que teñan capacidade para contratar e, en particular, para celebra-

lo contrato de compravenda, segundo as normas contidas no Código Civil⁵⁸.

2. Para tomar parte na subhasta é requisito indispensable consigna-lo 20 por 100 da cantidade sinalada como tipo de licitación perante a Mesa, ou acreditar que se depositou tal cantidade na Tesourería Xeral da Xunta de Galicia⁵⁹ ó dispor da *Dirección Xeral do Patrimonio*.

Artigo 68

A Mesa estará presidida polo *Director Xeral do Patrimonio* ou funcionario da *Dirección Xeral* en quen delegue. Serán vocais:

- a) Un letrado da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.
- b) Un representante da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.
- c) Un funcionario da *Dirección Xeral do Patrimonio*, designado polo Director Xeral, que actuará de secretario con voz e voto.

Artigo 69

1. O día e hora sinalados, o presidente da Mesa declarará aberta a subhasta, comunicándollo así ó público e durante o prazo que prudencialmente fixe recibiranse os resgardos dos depósitos previamente constituídos para a licitación e as consignacións que nese tempo se fagan.

2. Comenzada a licitación non se recibirá ningún resguardo nin se admitirá ningunha consignación.

3. Durante a licitación, o presidente da Mesa irá admitindo as posturas que gradualmente vaian mellorando o tipo ata que se

⁵⁸ Arts. 1.457 a 1.459 do CC.

⁵⁹ Consúltese a nota ó art. 65.1 deste regulamento.

deixe de facer proposicións, momento no cal declarará mellor rematante ó licitador que teña a oferta máis elevada.

4. Do desenvolvemento do procedemento e de tódalas incidencias producidas extenderase a correspondente acta, que será asinada polos membros da Mesa e polo mellor postor.

5. Rematada a subhasta devolveranse as consignacións e os resgardos dos depósitos para licitar ós interesados non adxudicatarios.

Artigo 70

1. Dentro dos cinco días seguintes á celebración da subhasta, a *Dirección Xeral do Patrimonio* elevará ó Conselleiro de Economía e Facenda a correspondente proposta de aprobación en unión da acta á que fai referencia o artigo anterior.

2. A Orde de aprobación da adxudicación irá asinada polo mencionado Conselleiro, deberá de publicarse no Diario Oficial de Galicia e conterá a data da subhasta, a do Diario Oficial de Galicia no que foi anunciada, a identificación do inmovible que se adxudique, o nome e domicilio do adxudicatario e o precio da adxudicación.

3. Efectuarase tamén notificación persoal ó adxudicatario advertíndoo ó mesmo tempo de que no prazo de 15 días a partir da notificación, deberá realiza-lo pagamento do precio total de alleamento, prevíndoo de que de non o facer decaerá do seu dereito con perda da cantidade que consignase ou depositase, sen prexuício do resarcimento á Administración dos posibles crebantamentos que á mesma producise a ineficacia da adxudicación.

Artigo 71

1. Se a primeira subhasta celebrada quedase deserta, poderase celebrar unha ou dúas máis, co mesmo tipo de taxación ou cunha redución do 15 por 100 do tipo fixado naquela.
2. Se algunha subhasta resultase falida por incumprimento das obrigas do adxudicatario, a nova subhasta que se convoque conservará a mesma orde da anterior para os efectos do disposto no apartado precedente e, polo tanto, anunciarase polo mesmo tipo.
3. Transcorridos máis de dous anos desde a data de celebración da primeira subhasta, deberase facer unha nova taxación pericial do inmovible alleable.

Artigo 72

1. Se nas tres subastas consecutivas non resultase adxudicatario, o *Director Xeral do Patrimonio* comunicarao ó órgano que sexa competente⁶⁰, en función da contía, para que determine se quedará aberta a subhasta por un prazo de tres meses, ou se desiste da venda.

De decidirse que a subhasta quede aberta por un prazo de tres meses, durante este recibírase calquera proposición que se presente por escrito perante a *Dirección Xeral do Patrimonio*, o titular da cal, unha vez transcorrido ese prazo, dispoñerá que se anuncie nova subhasta sobre a base da mellor oferta presentada, salvo que transcorrese o prazo de dous anos previsto no derradeiro apartado do artigo anterior.

2. Cada proposición presentada deberá ir acompañada do resgardo acreditativo do depósito na Tesourería Xeral da Xunta de Galicia⁶¹ do 25 por 100 do precio ofrecido. Con

⁶⁰ Véxase o art. 63 deste regulamento.

⁶¹ Consúltese a nota ó art. 65.1 deste regulamento.

anterioridade á subhasta procederase á devolución dos depósitos constituídos para garanti-las ofertas de cantidades inferiores á que servirá de tipo para a nova subhasta.

3. A proposición que sirva de tipo para a subhasta surtirá plenos efectos aínda que o ofertante non compareza no acto da celebración da mesma, polo que se o ben lle fose adxudicado perderá o depósito no caso de que non efectuase o pagamento do precio total dentro do prazo establecido no artigo 70.3 deste Regulamento.

4. O Conselleiro de Economía e Facenda, a proposta da *Dirección Xeral do Patrimonio*, acordará a adxudicación dos bens ou a desestimación das ofertas.

Artigo 73

1. Os compradores farán seus os froitos dos bens alleados desde o día en que se lles notifique a orde ou acordo de adxudicación⁶².

2. Os compradores teñen dereito a indemnización polos danos que sufrisen as fincas desde a taxación pericial ata o día da referida notificación.

Artigo 74

Serán de aplicación ós alleamentos a que se refiren os artigos anteriores os supostos de responsabilidade contractual previstos pola lexislación civil⁶³ e a súa regulación.

Artigo 75

1. Os propietarios estremeiros poderán adquirir directamente con preferencia a calquera outro solicitante, unha vez

⁶² Véxase o art. 1.468 do CC.

⁶³ Véxanse os arts. 1.101 a 1.109, 1.124, 1.461 a 1.505 do CC.

publicada a declaración de alienabilidade, e polos precios que resulten da taxación, as parcelas sobrantes, os solares inedificables e as fincas rústicas que non alcancen unha superficie economicamente explotable ou non sexan susceptibles de prestar utilidade acorde coa súa natureza.

Para estes efectos, a clasificación das fincas regularase polas leis, regulamentos ou ordenamentos especiais aplicables á materia e, se é o caso, polos plans de ordenación, debidamente aprobados.

2. Cando solicite a dita adquisición máis de un propietario estremeiro, será preferido o do inmovible de menos superficie dos que, mediante a súa agrupación co inmovible que se pretende adquirir, cheguen a constituír, segundo os casos, un solar edificable ou unha superficie economicamente explotable ou susceptible de prestar utilidade acorde coa súa natureza.

Cando non concorran tales circunstancias será preferido o propietario do inmovible estremeiro de maior superficie (*art. 28 Lei*).

Artigo 76

1. Acordado o alleamento das mencionadas fincas polo órgano competente⁶⁴, a *Dirección Xeral do Patrimonio* procederá a notificar ós propietarios estremeiros o precio da taxación, outorgándolles un prazo de 20 días para que manifesten por escrito a súa decisión ó respecto.

2. Se aceptasen a proposta, xuntarán ó seu escrito resgardo acreditativo de que depositaron na Caixa de Depósitos⁶⁵, ó dispor do *Director Xeral do Patrimonio*, o 25 por 100 do precio de taxación.

⁶⁴ Véxase o art. 63 deste regulamento.

⁶⁵ Consúltese a nota ó art. 65.1 deste regulamento.

3. A Consellería de Economía e Facenda, a proposta da *Dirección Xeral do Patrimonio*, logo de informe da Asesoría Xurídica do Departamento e da Intervención Xeral⁶⁶, acordará a venda, se fose procedente, a favor do petionario preferente.

4. Tal venda formalizarse⁶⁷ en escritura pública de acordo co disposto no presente Regulamento⁶⁸.

5. Formalizada a venda procederase a devolve-los depósitos constituídos, a excepción do correspondente ó adxudicatario que se aplicará ó pagamento do precio da venda. Se non chegase a formaliza-lo contrato por causa que lle sexa imputable perderá o depósito como penalidade.

Artigo 77

1. Publicada a declaración de alienabilidade, os bens inmoebles da Comunidade Autónoma poderán ser permutados por outros alleos, logo de taxación pericial⁶⁹ duns e outros e xustificación da súa conveniencia, sempre que a diferenza no seu valor non fose superior ó 50 por 100 do que o teña máis alto. Se, dentro deste límite, houberse diferenza de valoración entre ámbolos bens, procederá a súa compensación en metálico⁷⁰.

2. Corresponderalle autoriza-la permuta a quen, por razón de contía, fose competente para acorda-lo alleamento⁷¹ (*art. 29 Lei*).

⁶⁶ Consúltese a nota ó art. 65.2 deste regulamento.

⁶⁷ Erro non corrixido. Debería dicir "formalizarse".

⁶⁸ Arts. 48 e 82 deste regulamento.

⁶⁹ Véxase a disposición adicional sétima deste regulamento.

⁷⁰ Téñanse en conta os arts 1.538 a 1.541 do CC.

⁷¹ Véxase o art. 63 deste regulamento.

Artigo 78

1. Toda solicitude de permuta de bens inmobles dirixirase á Consellería de Economía e Facenda e requirirá a iniciación e tramitación do correspondente expediente por parte da *Dirección Xeral do Patrimonio*, no que se deberá acreditar a conveniencia da operación.

2. Neste expediente deberán constar, amais da descrición física e xurídica dos bens, a taxación pericial, á que será de aplicación o disposto no artigo 62 e o informe da Intervención Xeral.

Artigo 79

1. Non obstante o disposto no artigo anterior, cando os bens dos que trate a permuta estean aínda no dominio público, o expediente iniciarase na Consellería, ente público ou órgano estatutario que os teña adscritos, que aportará ás actuacións, informe acerca da conveniencia e valor económico da operación, e a descrición física e xurídica, tanto dos bens da Comunidade Autónoma como dos alleos ofrecidos a cambio.

2. Se resultase acreditada a conveniencia da permuta, a Consellería, ente público ou órgano estatutario á que estivese adscrito o inmovible remitirá o expediente á *Dirección Xeral do Patrimonio* para a súa posterior tramitación.

3. No suposto de que o órgano que tivese adscrito o inmovible non considerase conveniente a permuta, e polo contrario, se fose considerada beneficiosa pola *Dirección Xeral do Patrimonio*, deberá ser elevada tal discrepancia perante quen fose competente para autoriza-la permuta⁷², para que sexa este quen decida.

⁷² Véxase o art. 77.2 deste regulamento.

Artigo 80

A *Dirección Xeral do Patrimonio*, á vista de tales antecedentes e de cantos datos considere oportunos incorporar ó expediente, incluída taxación dos bens, elevará, se procede, a proposta de permuta, logo de informe da Intervención Xeral, á Consellería de Economía e Facenda para que resolva en por si ou, se é o caso, someta ó Consello da Xunta o proxecto de acordo ou o anteprojecto de Lei correspondente segundo proceda consonte co artigo 63.

Artigo 81

A disposición que autorice a permuta levará implícita, se ó caso, a desafectación do inmovible do que se trate e a declaración de alienabilidade⁷³.

Artigo 82

1. Acordada a permuta, corresponderalle á *Dirección Xeral do Patrimonio* a realización dos trámites conducentes á formalización dos correspondentes contratos, así como o inventario dos bens adquiridos e a súa inscrición no Rexistro da Propiedade⁷⁴.

2. En representación da Comunidade Autónoma concorrerá á sinatura de tales contratos o *Director Xeral do Patrimonio* ou o funcionario en quen delegue.

Artigo 83

1. Os bens patrimoniais inmoables da Comunidade Autónoma dos que non se xulgue previsible a súa afectación demanial ou

⁷³ Para a desafectación, consúltense os arts. 23 e ss. deste regulamento, e para a declaración de alienabilidade, o seu art. 60.

⁷⁴ Para o inventario, téñanse en conta os arts. 150 e ss. deste regulamento, e para a inscrición, os seus arts. 167 e 168.

aproveitamento pola propia Administración poderán ser cedidos gratuitamente polo Consello da Xunta, por proposta da Consellería de Economía e Facenda, en favor de institucións e corporacións públicas ou sen ánimo de lucro, que deberán destinalos a fins de utilidade pública ou interese social⁷⁵ (*art. 30.1 Lei*).

2. Considéranse de utilidade pública ou interese social, para os efectos deste artigo, as cesións feitas:

- a) Ás administracións públicas e ós seus entes institucionais con fins de uso xeral ou de servicios.
- b) Ás entidades sen ánimo de lucro de carácter asistencial, relixioso, cultural, educativo, deportivo ou de fins análogos.
- c) Ás confesións relixiosas para locais de culto.
- d) Ás organizacións sindicais e patronais.
- e) Ós estados estranxeiros para actividades culturais, de acordo cos tratados ou convenios asinados por España.
- f) Ás organizacións internacionais⁷⁶.

⁷⁵ Como réxime específico da cesión de bens procedentes das extintas cámaras agrarias locais, téñase en conta o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 25 de xuño de 1998, publicado pola Res. do 10 de xullo de 1998 da C. de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria (DOG nº 136, do 16 de xullo).

⁷⁶ Precepto modificado polo D. 238/1998, do 24 de xullo, polo que se modifica o Regulamento de execución da Lei 3/1985 (DOG nº 156, do 13 de agosto).

A redacción anterior dicía:

"1. O uso dos bens patrimoniais inmoables da Comunidade Autónoma dos que a afectación demanial ou aproveitamento pola propia Administración non se vulgue previsible, poderá ser cedido gratuitamente polo Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Economía e Facenda, en favor de institucións e Corporacións públicas ou sen ánimo de lucro, que as deberán destinar a fins de utilidade pública ou interese social.

2. Considéranse de utilidade pública ou interese social, para os efectos deste artigo, as cesións de uso feitas:

- a) Ás Administracións públicas e os seus entes institucionais con fin de uso xeral ou de servicios.

Artigo 84

Se a cesión fose só de uso poderá outorgarse por un prazo máximo de dez anos, prorrogable por períodos sucesivos, de igual duración, se así o acordase expresamente o Consello da Xunta, por proposta da Consellería de Economía e Facenda, logo de petición do cesionario con anterioridade ó vencemento do período anterior, quedando excluída a tácita reconducción⁷⁷ (art. 30.1 Lei).

Artigo 85

1. A cesión formalizarase por pedimento da entidade interesada, dirixida á Consellería de Economía e Facenda e xunto cos documentos que acrediten a personalidade ou representación de quen actúa, dos cales será verificada a suficiencia por un letrado da Xunta de Galicia⁷⁸.

2. A solicitude deberá explicita-lo fin de utilidade pública ou interese social a que se pretende destina-lo ben, do que se solicita a cesión.

b) Ás entidades sen ánimo de lucro de carácter asistencial, relixioso, cultural, educativo, deportivo, ou de fins análogos.

c) Ás confesións relixiosas para locais de culto.

d) Ás organizacións sindicais e patronais.

e) Ós Estados estranxeiros para actividades culturais, de acordo cos tratados ou convenios asinados por España."

⁷⁷ Art. modificado polo D. 238 /1998, do 24 de xullo (véxase nota ó art. 83).

A redacción anterior dicía:

"A cesión poderá outorgarse por un prazo máximo de dez anos, prorrogable por períodos sucesivos, de igual duración, se así o acordase expresamente o Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Economía e Facenda, logo de petición do cesionario con anterioridade ó vencemento do período anterior, quedando excluída a tácita reconducción."

⁷⁸ Apartado modificado polo D. 238/1998, do 24 de xullo (ver nota ó art. 83).

O texto anterior dicía:

"1. A cesión formalizarase a pedimento da entidade interesada dirixida á Consellería de Economía e Facenda e acompañada dos documentos que acrediten a personalidade ou representación de quen actúa, os cales serán bastanteados pola Asesoría Xurídica da citada Consellería."

3. A *Dirección Xeral do Patrimonio* instruirá o correspondente expediente, no cal, logo de solicitude, se se considerase oportuno, de informe á Consellería competente por razón da actividade, se pronunciará sobre a petición deducida, facendo consta-las características físicas e xurídicas do ben inmovible solicitado, a súa adecuación á finalidade de utilidade pública ou interese social para a cal se solicita, se a entidade solicitante vén realizando e pode realizar esa finalidade e se xulga ou non previsible a afectación demanial ou aproveitamento pola propia Administración do ben en cuestión.

Artigo 86

1. O acordo de cesión, que adoptará a forma de decreto, publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, expresando a finalidade concreta á que as entidades beneficiarias deben destina-los bens, así como as súas condicións (*art. 30.2 Lei*).

2. A cesión formalizarase mediante escritura pública subscrita polo *director xeral do Patrimonio* ou funcionario en que delegue, debendo constar nela o acordo de cesión e a aceptación do cesionario⁷⁹.

Artigo 87

1. Se os bens cedidos non se aplicasen ó fin sinalado dentro do prazo inicialmente fixado no acordo ou deixasen de estalo con posterioridade, se se descoidasen ou utilizasen con grave quebramento, ou se incumprisen as condicións do acordo, considerarase resolta a cesión e os bens reverterán á

⁷⁹ Art. modificado polo D. 238/1998, do 24 de xullo (ver nota ó art. 83).

O texto anterior dicía:

"1. O acordo de cesión, que adoptará forma de Decreto, publicarase no Diario Oficial de Galicia, expresará a finalidade concreta á que as entidades beneficiarias deben destina-los bens e o prazo de cesión.

2. A cesión formalizarase mediante acta subscrita polo *Director Xeral do Patrimonio* ou funcionario en que delegue, debendo constar nela o acordo de cesión e a aceptación do cesionario."

Comunidade Autónoma, que terá dereito a percibir, logo de taxación pericial, o valor dos detrimentos ou das deterioracións que experimentasen (*art. 30.3 Lei*).

2. A Consellería de Economía e Facenda poderá comproba-lo cumprimento das obrigas que leva implícitas a cesión.

3. O Consello da Xunta decidirá, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, sobre a procedencia da reversión, logo da instrución do correspondente expediente pola *Dirección Xeral do Patrimonio* con audiencia do cesionario⁸⁰.

Artigo 88

1. Os bens patrimoniais da Comunidade Autónoma, as súas rendas, froitos ou produtos poderán ser adscritos a organismos autónomos ou outros entes públicos dependentes da Xunta de Galicia⁸¹ para o cumprimento dos fins específicos que determine o acordo de adscrición (*art. 31 Lei*).

2. As entidades que perciban estes bens non adquirirán a súa propiedade e deberán utilizalos exclusivamente para o cumprimento dos fins que determine a adscrición, ben sexa en forma directa, ben mediante a percepción das súas rendas ou froitos.

⁸⁰ Precepto modificado polo D. 238/1998, do 24 de xullo (ver nota ó art. 83).

O texto anterior dicía:

"1. Se os bens cedidos non se aplicasen ó fin sinalado dentro do prazo inicialmente fixado no acordo ou deixasen de estalo con posterioridade, considerarase resolta a cesión e o uso dos bens reverterá á Administración da Comunidade Autónoma, que terá dereito a percibir, logo de taxación pericial, o valor dos detrimentos ou deterioracións que experimentasen.

2. O expediente de resolución iniciarao e tramitarao a *Dirección Xeral do Patrimonio* con audiencia do cesionario."

⁸¹ Véxanse os arts. 11 e 12 do TRLRFO, así como os arts. 108 e ss. deste regulamento.

Artigo 89

A petición de bens dirixiraa a entidade á *Dirección Xeral do Patrimonio* por conducto e con informe da Consellería de que dependa.

Artigo 90

Os acordos de adscrición adoptaraos o Consello da Xunta a proposta da Consellería de Economía e Facenda en virtude de ponderación das razóns aducidas pola entidade solicitante.

Artigo 91

Serán de aplicación ás adscricións de bens inmobles a organismos autónomos ou outros entes públicos dependentes da Comunidade Autónoma as normas contidas nos artigos 84, 86 e 87.

Artigo 92

Cando a Comunidade Autónoma transfira competencias a entes territoriais da súa circunscrición ou se deleguen funcións administrativas nestes⁸² ou noutros entes institucionais localizados no seu territorio, poderase adscribir ós mesmos o uso dos bens precisos con subxección ás condicións que estableza a norma de transferencia ou delegación, que determinará o procedemento de vixilancia para o cumprimento dos fins da cesión así como preve-la súa reversión no caso de non seren necesarios para a prestación da función ou servizo, ou o suposto da súa reasunción (*art. 32 Lei*).

⁸² Téñanse en conta a disposición adicional 3ª do EAG e os arts. 171 a 186 da Lei 5/1997, do 20 de xullo, de Administración local de Galicia (DOG nº 149, do 5 de agosto).

Artigo 93

1. Os organismos autónomos e entes públicos dependentes da Xunta de Galicia non poderán allear ou grava-los bens ou dereitos patrimoniais dos que sexan titulares, que se incorporarán ó patrimonio da Comunidade Autónoma cando non sexan necesarios para o cumprimento directo dos fins atribuídos á súa específica competencia.

A entrega dos citados bens ou dereitos efectuarase a través da Consellería á que estean adscritas as respectivas entidades, mediante acta que subscribirán o titular daquela e o da Consellería de Economía e Facenda.

2. Poderán, non obstante, allearse os bens adquiridos por si mesmos co propósito de devolvelos ó tráfico xurídico privado, de acordo cos fins peculiares, ou para garanti-la rendabilidade das reservas que teñan que constituír en cumprimento das disposicións polas que se rexen.

3.O alleamento dos bens ou dereitos ós que se refire o parágrafo anterior regularase polas normas que lle sexan de aplicación e, no seu defecto, polas regras da Lei de Patrimonio da Comunidade Autónoma e do presente Regulamento.

Para tales efectos, as mencionadas entidades relacionaranse coa Consellería de Economía e Facenda a través da Consellería á que estean adscritos ou da que dependan (*art. 33 Lei*).

Apartado B. Bens mobles.

Artigo 94

1. O alleamento de bens mobles da Comunidade Autónoma corresponderalle ó titular da consellería que os viñese

utilizando cando o valor destes, logo de taxación pericial⁸³, non excedese de 60.200 euros; se superase esa cantidade, o alleamento será acordado polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería de Economía e Facenda e logo de pedimento daquela que os viñese utilizando⁸⁴.

2. En todo caso, cando se trate de bens calificados como de interese tecnolóxico ou informático, o alleamento será acordado polo Consello da Xunta a proposta da Consellería de Economía e Facenda.

3. Cando se trate de obras de arte ou de obxectos de interese arqueolóxico, histórico ou artístico⁸⁵ cun valor que, segundo taxación pericial, exceda de 300.600 euros, corresponderalle ó Parlamento mediante lei aproba-lo seu alleamento⁸⁶.

4. O acordo de alleamento, que será publicado no Diario Oficial de Galicia, implicará en todo caso a desafectación⁸⁷ dos bens dos que se trate (*art. 34 Lei*).

Artigo 95

1. O alleamento de bens mobles levarase a efectos mediante subhasta pública polo procedemento previsto para os inmobles⁸⁸, en canto sexa aplicable (*art. 35.1 Lei*).

⁸³ Véxase a disposición adicional 7ª deste regulamento.

⁸⁴ Apartado modificado polo D. 180/2003, do 27 de febreiro, polo que se modifican as contías establecidas nos artigos 26, 34.1º e 2º, 35.2º e 36 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, así como varios artigos do regulamento que a executa, aprobado polo Decreto 50/1989, do 9 de marzo (DOG nº 52, do 14 de marzo), co fin de axeitarse á nova contía do art. 34.1 da Lei, que o mesmo decreto modifica. A contía anterior era 10.000.000 de pesetas.

⁸⁵ Téñase en conta a Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia (DOG nº 214, do 8 de novembro).

⁸⁶ Apartado modificado polo D. 180/2003, do 27 de febreiro, citado na nota ó apartado 1 deste artigo, co fin de axeitarse á nova contía do art. 34.2 da Lei, que o mesmo decreto modifica. A contía anterior era 50.000.000 de pesetas.

⁸⁷ Arts. 23 e ss. deste regulamento.

⁸⁸ Arts. 66 a 74 deste regulamento.

2. O expediente de alleamento será tramitado pola consellería que veña usando os bens, cando o valor destes non exceda de 60.200 euros, ou pola Consellería de Economía e Facenda a través da *Dirección Xeral do Patrimonio*, se superase a dita cantidade. Deberá quedar xustificada a conveniencia de venda, e practicarse sempre a correspondente taxación pericial⁸⁹.

3. A celebración de subhastas poderase demorar se a contía dos bens que se van allear non aconsellase a súa realización de modo inmediato (*art. 35.3 Lei*).

Artigo 96

Aplicarase o procedemento de contratación directa para o alleamento dos bens cando o departamento que os viñexa utilizando, se o valor é inferior a 60.200 euros ou o Consello da Xunta de Galicia nos demais casos e por proposta da Consellería de Economía e Facenda, así o autoricen expresamente mediante acordo motivado⁹⁰.

Se concorresen varias solicitudes será preferible a que ofrezca un precio maior, atendéndose á prioridade, se existise igualdade de condicións (*art. 35.2 Lei*).

Artigo 96 bis

1. A consellería que adquirise ou que tivese adscritos bens mobles da Comunidade Autónoma de Galicia, logo de informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, poderállelos ceder a entidades públicas ou sen ánimo de lucro no marco de relacións de colaboración, cooperación e coordinación, para seren destinados a fins de utilidade pública ou interese social.

⁸⁹ Apartado modificado polo D. 180/2003, do 27 de febreiro, citado na nota ó artigo 94. A contía anterior era 10.000.000 de pesetas.

⁹⁰ Parágrafo modificado polo D. 180/2003, do 27 de febreiro, citado na nota ó artigo 94, co fin de axeitarse á nova contía do art. 35.2 da Lei, que o mesmo decreto modifica. A contía anterior era 10.000.000 de pesetas.

Se os bens cedidos non se aplicasen ó fin sinalado considerarase resolta a cesión e reverterán á Administración da Comunidade Autónoma⁹¹.

2. Se a cesión fora só de uso poderá outorgarse por un prazo máximo de cinco anos, prorrogable por períodos sucesivos, de igual duración, se así o acordase expresamente a consellería cedente, logo de petición do cesionario con anterioridade ó vencemento do período anterior, quedando excluída a tácita reconducción.

3. O acordo da cesión, que adoptará a forma de orde, publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, expresando a finalidade concreta á que as entidades beneficiarias deben destina-los bens, así como as súas condicións. Este acordo, se é o caso, levará implícita a desafectación dos bens de que se trate.

4. A cesión formalizarase mediante acta subscriba polo secretario xeral da consellería cedente ou funcionario en que delegue, debendo constar nela o acordo de cesión e a aceptación do cesionario.

5. Á consellería cedente corresponderanlle as facultades de control e vixilancia da cesión atribuídas no artigo 87, así como, se é o caso, a resolución dos expedientes de reversión⁹² (*art.35 bis Lei*).

⁹¹ Apartado modificado polo D. 180/2003, do 27 de febreiro, citado na nota ó artigo 94, co fin de axeitarse á nova redacción dada ó artigo 35 bis da Lei polo art. 19 da Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo (DOG nº 251, do 30 de decembro).

A redacción anterior dicía:

"1. A consellería que adquirise ou que tivese adscritos bens mobles da Comunidade Autónoma de Galicia, logo de informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, poderállelos ceder a entidades públicas no marco de relacións de colaboración, cooperación e coordinación, para seren destinados a fins de utilidade pública ou interese social".

⁹² Precepto engadido polo D. 238/1998, do 24 de xullo, polo que se modifica o Regulamento de execución da Lei 3/1985 (DOG nº 156, do 13 de agosto).

Artigo 97

Os bens mobles adxudicados á Comunidade Autónoma de Galicia en procedementos xudiciais ou en aplicación da normativa recadatoria pola vía de constrinximento⁹³ poderán ser alleados por poxa ou contratación directa, mediante resolución do conselleiro de Economía e Facenda por proposta da *Dirección Xeral do Patrimonio*, se a súa valoración non excedese de 6.100 euros⁹⁴ (*art. 36 Lei*).

Artigo 98

1. O alleamento de bens mobles propiedade de organismos autónomos ou entes públicos dependentes da Xunta de Galicia⁹⁵ regularase polo disposto nos artigos 95 a 97 deste Regulamento.

2. Exceptúanse do previsto no parágrafo anterior, rexéndose polas regras do dereito privado sen necesidade de previo procedemento administrativo, os alleamentos que, de acordo coas normas específicas reguladoras da súa organización, funcionamento e réxime xurídico, leven a cabo aquelas entidades cando desenvolvan actividades empresariais, comerciais ou industriais (*art. 37 Lei*).

⁹³ Véxase o art. 134 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria (BOE nº 313, do 31 de decembro), e os arts. 158 a 162 do Regulamento xeral de recadación, aprobado polo R.D. 1.684/1990, do 20 de decembro (BOE nº 3, do 3 de xaneiro de 1991).

⁹⁴ Artigo modificado polo D. 180/2003, do 27 de febreiro, polo que se modifican as contías establecidas nos artigos 26, 34.1º e 2º, 35.2º e 36 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, así como varios artigos do regulamento que a executa, aprobado polo Decreto 50/1989, do 9 de marzo (DOG nº 52, do 14 de marzo), co fin de axeitalo á nova contía do art. 36 da Lei, que o mesmo decreto modifica. A contía anterior era 1.000.000 de pesetas.

⁹⁵ Véxanse os arts. 11 e 12 do TRLRFO, e os arts. 108 e ss. deste regulamento.

Apartado C. Propiedades incorporais.*Artigo 99*

O alleamento de propiedades incorporais⁹⁶ ou dereitos de exclusiva dos que sexan titulares a Comunidade Autónoma ou entidades dependentes da Xunta de Galicia, cando a súa explotación pola propia Administración non se xulgue conveniente, será acordado polo Consello da Xunta a proposta da Consellería de Economía e Facenda (*art. 38 Lei*).

Artigo 100

1. O alleamento deberase verificar, por regra xeral mediante subhasta pública, a menos que o Consello da Xunta autorice a contratación directa por motivos de interese público debidamente acreditados.

2. Serán aplicables a esta clase de subastas as normas contidas na Lei do Patrimonio da Comunidade Autónoma e neste Regulamento⁹⁷ para os dos bens inmobles en canto sexan compatibles coa natureza daqueles dereitos (*art. 39 Lei*).

Apartado D. Títulos representativos do capital ou débeda emitida por sociedades e empresas.*Artigo 101*

1. O alleamento de títulos representativos do capital propiedade da Comunidade Autónoma en empresas mercantís

⁹⁶ Véxanse o R.D.L. 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual (BOE nº 97, do 22 de abril), modificada pola Lei 5/1998, do 6 de marzo (BOE nº 57, do 7 de marzo), e pola Lei 1/2000, do 7 de xaneiro (BOE nº 7, do 8 de xaneiro), así como a Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes e modelos de utilidade (BOE nº 73, do 26 de marzo), coas súas modificacións. Téñase en conta tamén o Estatuto da propiedade industrial, texto refundido pola Real Orde do 30 de abril de 1930 (Gaceta do 7 de maio).

⁹⁷ Arts. 66 a 74 deste regulamento.

ou dos dereitos de subscripción que lle correspondan será acordada, aínda cando implique directa ou indirectamente a perda da condición maioritaria ou extinga a participación, polo Consello da Xunta por proposta da Consellería de Economía e Facenda⁹⁸.

2. Os títulos allearanse en Bolsa. Se non tivesen cotización na mesma serán obxecto de subhasta pública, excepto nos casos en que o Consello acorde o alleamento directo como consecuencia das especiais características daqueles (*art. 40 Lei*).

Artigo 102

O alleamento de títulos-valores axustarase ó seguinte procedemento:

a) Os títulos allearanse en Bolsa se tivesen cotización na mesma. Para iso, a *Dirección Xeral do Patrimonio* enviará os que se pretende vender á Xunta Sindical con certificación do acordo que dispoña a venda, facendo constar ademais o concepto presupostario ó cal deba aplicarse o líquido resultante da operación, unha vez deducidos os gastos.

b) Se os títulos-valores non fosen obxecto de cotización en Bolsa allearanse mediante subhasta pública e se o procedemento de subhasta non fose o adecuado á súa natureza ou especiais características, ou fose preceptiva ou aconsellable a intervención dalgún Instituto de Crédito, poderase aplica-lo sistema de alleamento directo.

O Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Economía e Facenda, motivará tal aplicación e determinará as condicións e requisitos do alleamento directo.

⁹⁸ Véxase o art. 12.3 do TRLRFO. Así mesmo, téñase en conta a Lei 5/1995, do 23 de marzo, de réxime xurídico de alleamento de participacións públicas en determinadas empresas (BOE nº 72, do 25 de marzo), desenvolvida polo R.D. 1.525/1995, do 15 de setembro (BOE nº 230, do 26 de setembro). Ademais, téñase en conta a disposición transitoria primeira deste regulamento.

A formalización da operación requirirá a intervención de fedatario público, concorrendo a aquela o *Director Xeral do Patrimonio* ou funcionario en quen delegue.

Artigo 103

En todo caso constituirá requisito previo do acordo de alleamento a declaración de alienabilidade, que será adoptada pola Consellería de Economía e Facenda⁹⁹.

A declaración, que se xuntará á proposta de alleamento, certificará a conveniencia, oportunidade e procedemento de alleamento aplicable, así como o cumprimento das circunstancias ás que se refire o artigo anterior (*art. 41 Lei*).

Artigo 104

O réxime establecido nos artigos precedentes aplicarase tamén, no que fose posible, ó alleamento de obrigacións, bonos, cotas ou outros análogos representativos de participación da Comunidade Autónoma na débeda emitida por empresas mercantís (*art. 42.1 Lei*).

Artigo 105

O alleamento de títulos-valores que se regula nos precedentes artigos axustarase, en todo caso, ás bases e á ordenación do mercado de capitais que estableza a planificación da actividade económica de Galicia, dentro do marco da planificación económica xeral¹⁰⁰ (*art. 43.1 Lei*).

⁹⁹ Art. 60 deste regulamento.

¹⁰⁰ Arts. 30.1.1 do EAG e 131, 148.1.13^a e 149.1.13^a da CE.

Sección 3ª. - Actividade empresarial do sector público de Galicia

Artigo 106

Constitúe o sector público económico de Galicia toda actividade empresarial de orde comercial, industrial, financeira ou análoga levada a cabo pola Comunidade Autónoma mediante a creación de empresas públicas e a participación no capital, débeda emitida ou xestión de empresas integradas nos sectores privados, estatal ou local, dentro do ámbito de interese comunitario e no marco da Constitución e do Estatuto de Autonomía¹⁰¹ (art. 44 Lei).

Artigo 107

As empresas públicas creadas pola Comunidade Autónoma adoptarán a forma de organismos autónomos ou de sociedades privadas¹⁰².

Artigo 108

1. A creación dos organismos autónomos¹⁰³ farase sempre por medio dunha lei.

¹⁰¹ Arts. 55 do EAG e 128.2 da CE.

¹⁰² Con carácter xeral véxanse os arts. 11 e 12 do TRLRFO, e a Lei 10/1996, do 5 de novembro, de actuación de entes e empresas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación (DOG nº 227, do 20 de novembro).

¹⁰³ Véxanse os arts. 9, 11, 82, 93, 106, 116 e 120 do TRLRFO e os capítulos I, II, IV e V do título II da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado (BOE nº 90, do 15 de abril).

Os organismos autónomos dependentes da CA de Galicia son os seguintes:

- De natureza comercial, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), creado pola Lei 3/1988, do 27 de abril (DOG nº 88, do 10 de maio); o Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), creado pola Lei 4/1989, do 21 de abril (DOG nº 88, do 9 de maio); e o Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) creado pola Lei 7/1994, do 29 de decembro (DOG nº 4, do 5 de xaneiro de 1995), coa denominación Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia (ILGGA), modificada pola

2. A elaboración do anteproxecto de Lei de creación corresponderalle conxuntamente á Consellería de Economía e Facenda, a través da *Dirección Xeral do Patrimonio*, e á Consellería á que organicamente debe quedar adscrito o organismo autónomo.

Artigo 109

A lei de creación dos organismos autónomos constituirá o seu estatuto e determinará:

- a) A súa competencia e funcións.
- b) A Consellería á que organicamente quedarán adscritos en atención ó obxecto da institución.
- c) As bases xerais da súa organización, réxime de acordos e designación dos seus órganos directivos.
- d) Os bens que constitúan o seu patrimonio e, se é o caso, os bens e medios económicos que se lles adscriban ou asignen para o cumprimento dos seus fins específicos.
- e) O destino a que se deben de afecta-los seus beneficios e reservas que teñan que constituír.

disposición adicional quinta da Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo (DOG nº 251, do 30 de decembro).

-De natureza administrativa, a Escola Galega de Administración Pública (EGAP), creada pola Lei 4/1987, do 27 de maio (DOG nº 103, do 2 de xuño); o Instituto Galego de Estatística (IGE), creado pola Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia (DOG nº 148, do 3 de agosto); o Servicio Galego da Saúde (SERGAS), creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro (DOG nº 7, do 11 de xaneiro); a Academia Galega de Seguridade (AGS), creada pola Lei 4/1992, do 9 de abril (DOG nº 76, do 22 de abril); o Servicio Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller (SEGAPIHOM), creado pola Lei 3/1991, de 14 de xaneiro (DOG nº 19, do 28 de xaneiro); o Instituto Galego de Consumo, creado pola Lei 8/1994, do 30 de decembro (DOG nº 9, do 13 de xaneiro); e Augas de Galicia, creado pola Lei 8/1993, do 23 de xuño, reguladora da Administración hidráulica de Galicia (DOG nº 125, do 2 de xullo).

Artigo 110

Sen prexuício das facultades de vixilancia e control da Consellería competente por razón de materia sobre os organismos autónomos que lle fosen adscritos para a súa xestión administrativa, organización e funcionamento, será en todo caso competencia da Consellería de Economía e Facenda o exercicio das funcións relativas a súa tutela financeira e control patrimonial de conformidade co prescrito na Lei de xestión económica e financeira pública de Galicia¹⁰⁴ e neste Regulamento¹⁰⁵ (*art. 46.1 Lei*).

Artigo 111

1. As sociedades privadas¹⁰⁶ poderán ser creadas directamente pola Xunta de Galicia ou a través dun organismo autónomo dependente da mesma.

2. A creación de sociedades privadas, así como a aprobación dos seus estatutos, farase por medio de Decreto do Consello da Xunta a proposta da Consellería de Economía e Facenda, a través da *Dirección Xeral do Patrimonio*, oída a Consellería coa que a sociedade teña que relacionarse estatutariamente por razón da actividade.

Artigo 112

As sociedades privadas¹⁰⁷ adoptarán a forma de sociedades de responsabilidade limitada ou anónima¹⁰⁸, rexéndose polas

¹⁰⁴ Actualmente esta referencia debe entenderse feita ó TRLRFO. Véxanse os seus arts. 93, 94, 106, 116 e 120.

¹⁰⁵ Arts. 115 e 116 deste regulamento.

¹⁰⁶ Véxanse os arts. 12, 83 a 86, 93, 94, 106, 116 e disposición adicional 1ª do TRLRFO.

¹⁰⁷ A Lei 6/2002, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da CA de Galicia para o ano 2003 (DOG nº 251, do 30 de decembro), recolle as seguintes sociedades mercantís con participación pública maioritaria: TVG, S.A. e RTVG, S.A., integradas no orzamento do ente público Compañía de Radio-Televisión de Galicia; a

normas do dereito mercantil, civil ou laboral, salvo o establecido polas disposicións especiais que resulten aplicables e as seguintes regras de carácter xeral:

a) As sociedades anónimas constituiranse, en todo caso, polo sistema de fundación simultánea.

b) O capital destas empresas terá que estar integramente desembolsado no momento da súa constitución e non se poderá transferir nin destinar a outras finalidades, salvo nos supostos de transformación e extinción regulados polas leis mercantís e especiais que resulten de aplicación.

c) A participación da Xunta de Galicia ou dos organismos autónomos dependentes da mesma no capital social terá que ser sempre maioritaria.

d) Os estatutos da empresa determinarán, con observancia da proporcionalidade na participación do capital, a composición, competencia, funcionamento e forma de designación da Xunta Xeral, Consello de Administración e Xerencia.

e) O Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Economía e Facenda, poderá acorda-la aportación de bens inmobles

Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A.; a Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A.; Xestión Urbanística da Coruña, S.A.; Xestión Urbanística de Lugo, S.A.; Xestión Urbanística de Ourense, S.A.; Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A.; S.A. de Xestión do Plan Xacobeo; S.A. de Xestión do Centro de Supercomputación de Galicia; S.A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia; Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A.; Galicia Calidade, S.A.; S.A. para o Desenvolvemento Industrial de Galicia; Centro Europeo de Empresa e Innovación de Galicia, S.A.; Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.; Xenética Fontao, S.A.; Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.; e Xesgalicia – Sociedad Gestora de Entidades de Capital Riesgo, S.A.

Debe terse en conta, ademais, a sociedade Servicios Agrarios Galegos, S.A., creada o 16 de abril de 1997 polo Consello de Dirección do ILGGA (actual FOGGA). Os seus estatutos aprobáronse polo Decreto 266/1997, do 18 de setembro (DOG nº 188, do 30 de setembro).

108 Téñanse en conta a Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada (BOE nº 71, do 24 de marzo) e o R.D.L. 1.564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas (BOE nº 310, do 27 de decembro. C. de e. no BOE nº 28, do 1 de febreiro de 1990).

patrimoniais, calquera que fose o seu valor, con obxecto de cubri-lo importe da súa participación no capital social.

Artigo 113

1. A Xunta de Galicia poderá participar no capital de empresas mercantís, cooperativas ou sociedades laborais, calquera que sexa a súa forma ou obxecto social, con subxección ó disposto nos artigos 111 e 112 deste Regulamento, cando o Consello da Xunta, logo de informe da Consellería de Economía e Facenda, o considere conveniente para o cumprimento de finalidades concretas de política económica.

2. Salvo o disposto por normas especiais, a participación da Xunta non será inferior ó 10 por 100 nin superior ó 50 por 100 do capital social das sociedades ou empresas¹⁰⁹ (*art. 47 Lei*).

Artigo 114

No suposto de empresas públicas que adopten a forma de sociedades privadas ou no caso de empresas participadas, será competencia da Consellería de Economía e Facenda, que a exercerá por medio da *Dirección Xeral do Patrimonio*¹¹⁰, o exercicio dos dereitos que correspondan á Xunta como partícipe. Con este fin, o citado centro directivo poderá impartir ós representantes do capital comunitario nos Consellos de Administración das citadas empresas as instrucións que considere oportunas para o adecuado exercicio dos dereitos, así como solicitar deles todas cantas aclaracións, datos e informes necesite (*art. 46.2 Lei*).

¹⁰⁹ Véxase o art. 52 deste regulamento.

¹¹⁰ Consúltese o art. 4º 2.2.3 do D. 312/2000, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Facenda (DOG nº 65, do 2 de abril de 2001).

Artigo 115

1. Con independencia do disposto na Lei de xestión económica e financeira pública de Galicia¹¹¹, as empresas públicas da Comunidade Autónoma ás que se refiren os artigos anteriores deberán presentar á *Dirección Xeral do Patrimonio* unha copia do balance, conta de explotación e memoria explicativa da súa xestión dentro dos quince días seguintes á aprobación destes documentos contables.

2. Á vista de tales documentos e logo de petición de tódolos datos e antecedentes que considere necesarios, a *Dirección Xeral do Patrimonio* elaborará un informe sobre a situación económica e financeira das empresas de referencia e sobre a actividade empresarial do sector público da Comunidade Autónoma, para que, o Conselleiro de Economía e Facenda o eleve ó Consello da Xunta de Galicia durante o segundo semestre do exercicio seguinte ó que corresponda.

Artigo 116

1. A *Dirección Xeral do Patrimonio*, en por si ou en coordinación coa Intervención Xeral¹¹², será competente para realizar cantas comprobacións e investigacións acerca das empresas públicas e participadas da Comunidade Autónoma sexan necesarias co fin de coñece-la situación económica e financeira das mesmas.

2. Para estes efectos, a *Dirección Xeral do Patrimonio* poderá designar Delegados especiais con facultades de exame e control de libros, expedientes, xustificantes e, en xeral, de cantos documentos e demais elementos sexan necesarios para realiza-la auditoría da situación económica e financeira da empresa da que se trate.

¹¹¹ Esta referencia legal debe entenderse feita ó TRLRFO. Véxanse os seus arts. 93, 94, 106 e 116.

¹¹² Arts. 93.1, 94.3 e 103 e ss. do TRLRFO.

TÍTULO SEGUNDO

UTILIZACIÓN E APROVEITAMENTO

DO PATRIMONIO

CAPÍTULO PRIMEIRO

Formas de utilización dos bens demaniais

Artigo 117

1. O destino propio dos bens demaniais é a súa utilización para o uso xeral ou para a prestación de servizos públicos.

2. Non obstante, tales bens poderán ser obxecto doutras utilizacións de acordo coas esixencias do interese xeral e con subxección ó disposto na Lei do Patrimonio da Comunidade Autónoma¹¹³, neste Regulamento e, se é o caso, nas disposicións relativas ós servizos públicos que os teñan afectados.

3. A utilización e aproveitamento de bens ou dereitos demaniais por persoas ou entidades determinadas suxeitaranse a previa licenza, permiso ou concesión administrativa¹¹⁴ nos termos establecidos no presente Regulamento¹¹⁵ (*art. 15 Lei*).

¹¹³ Arts. 50 a 59 de dita lei.

¹¹⁴ Todas estas formas de autorización están sometidas á Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da CA de Galicia (DOG nº 241, do 13 de decembro). Non obstante, dita norma debe entenderse á luz da sentenza do Tribunal Constitucional 185/1995, do 14 de decembro (BOE nº 11, do 12 de xaneiro de 1996), que trata a fixación de prezos públicos polo uso privativo e o aproveitamento especial do dominio público.

¹¹⁵ Arts. 121 a 137 deste regulamento. Véxase tamén a súa disposición adicional 1ª.

Artigo 118

A utilización dos bens de dominio público pola propia Administración rexerese pola Lei do Patrimonio da Comunidade Autónoma e por este Regulamento. Se estivesen afectos a un servizo público, axustarase ademais ás súas regras específicas¹¹⁶ responsables do seu funcionamento (*art. 48.1 Lei*).

Artigo 119

1. Excepcionalmente, con fundamento no fomento e planificación da actividade económica de Galicia¹¹⁷, e, en todo caso, con fins de estudo, investigación ou explotación a Comunidade Autónoma de Galicia poderá reservar, mediante Lei de Galicia, o uso exclusivo de bens de uso público, ou declarados de dominio público por normas con categoría de Lei, sempre que concorran os seguintes requisitos:

- a) Que a reserva non afecte a recursos previamente reservados polo Estado.
- b) A potestade da reserva axustarase ós termos da lexislación do Estado e ás bases de planificación económica xeral.
- c) Non se poderá establecer en prexuício de dereitos adquiridos polos particulares para o uso dos bens. Se a súa motivación consistise nunha deficiente ou irracional explotación dun recurso determinado, a lei que declare a reserva dispoñerá a previa expropiación e indemnización dos afectados pola medida.

¹¹⁶ Debido a un erro non corrixido falta parte do texto, que se pode integrar co sinalado no art. 48.1 da Lei do patrimonio da CA galega. A parte omitida é a seguinte: "... e ás instrucións dictadas polas autoridades..."

¹¹⁷ Véxanse os arts. 28.4, 30.1.1 e 55 do EAG, así como os arts. 128.2, 131, 148.1.13^a e 149.1.13^a da CE. Tamén pode resultar ilustrativa a exposición de motivos da Lei do patrimonio da CA galega na parte dedicada ás reservas demaniais.

d) Determinación do prazo da súa duración, que en ningún caso será superior ó máximo previsto para a concesión demanial do recurso do que se trate.

2. O uso privativo exclusivo que retén a Administración, unha vez establecidas as reservas ás que se refire o parágrafo anterior, será obxecto de explotación con referencia ás normas que regulan a utilización dos bens patrimoniais no presente Regulamento¹¹⁸.

3. En ningún caso se poderán establecer reservas demaniais por motivos fiscais ou de orde ou seguridade pública (*48.2 Lei*).

Artigo 120

O uso xeral dos bens de dominio público non está suxeito a licenza, correspondendo a tódolos cidadáns sen máis limitación cás seguintes:

a) O impedimento do mesmo dereito ós demais cidadáns.

b) O respecto á natureza do ben.

c) As que imponha o ordenamento xurídico por razón da súa conservación, adscrición ou orde pública (*art. 49 Lei*).

Artigo 121

O uso común especial dos bens demaniais realizado polas persoas ou entidades determinadas de modo que non impida o doutros deberá suxeitarse ó outorgamento de previa licenza co fin de garanti-la continuidade do uso común xeral se concorresen nel as circunstancias singulares de perigosidade, intensidade de uso ou outras semellantes (*art. 50 Lei*).

¹¹⁸ Arts. 138 e ss. deste regulamento.

Artigo 122

O uso privativo por persoas ou entidades dos bens de dominio público mediante a ocupación dunha porción dos mesmos, de modo que limite ou exclúa a utilización polos demais interesados, requirirá o previo outorgamento dun título adecuado á súa natureza, de conformidade coas seguintes regras:

- a) O uso normal, conforme ás disposicións ou afectación dos bens, que non implique a realización de obras permanentes ou instalacións fixas requirirá tan só permiso de ocupación temporal.
- b) Os usos consistentes en estacionamento de materiais ou instalacións de carácter accesorio e non permanente esixirán tamén permiso de ocupación temporal.
- c) Os usos anormais, non conformes co destino dos bens, e aqueles que requirisen unha ocupación permanente mediante obras e instalacións de carácter fixo, outorgaranse mediante concesión administrativa (*art. 51 Lei*).

Artigo 123

1. A competencia para o outorgamento das concesións que por disposición legal non veña especificamente determinada corresponderalle ó Consello da Xunta, a proposta da Consellería responsable da xestión, conservación e administración dos bens demaniais implicados.

2. As licencias, autorizacións e permisos de ocupación temporal outorgaranos os órganos competentes da Consellería titular das facultades de xestión, conservación e administración dos bens demaniais dos que se trate (*art. 59 Lei*).

Artigo 124

1. As licencias habilitantes de usos comúns especiais outorgaranse directamente ós petitionarios salvo se, por calquera circunstancia, se limitase o número das mesmas. Neste caso outorgaranse por licitación e, se non fose posible por ter que reunir tódolos interesados as mesmas condicións, mediante sorteo.

2. Non serán transmisibles as licencias que se refiran ás cualidades persoais do suxeito e aquelas que a normativa específica así o determine. A transmisión, cando proceda, requirirá acto expreso aprobatorio para a súa eficacia fronte á Administración outorgante (*art. 52 Lei*).

Artigo 125

1. Os permisos de ocupación temporal levan implícitos a cláusula de precariedade e poderán revocarse libremente en calquera momento pola Administración sen que o interesado teña dereito a indemnización ningunha.

2. Se houberse varios solicitantes, observaranse sempre as regras de publicidade e concorrencia, outorgándose os permisos logo de licitación (*art. 53 Lei*).

3. Os permisos de ocupación temporal consideraranse revocados «*ipso iure*» en virtude da resolución que acorda a desafectación¹¹⁹ dos bens sobre os que recaian.

Artigo 126

Cando as licencias habilitantes de usos comúns especiais e os permisos de ocupación temporal deban de outorgarse por

¹¹⁹ Arts. 23 e ss. deste regulamento.

licitación, seguirase, en canto sexa posible, o procedemento establecido neste Regulamento para as concesións ¹²⁰ .

Artigo 127

As concesións de disfrute ou uso privativo de bens de dominio público da Comunidade Autónoma rexeranse pola Lei do Patrimonio da Comunidade Autónoma, polas normas deste Regulamento¹²¹ e pola lexislación específica aplicable en función da natureza dos bens dos que se trate (*art. 54 Lei*).

Artigo 128

As concesións administrativas de dominio público axustaranse ós seguintes principios:

- a) Serán de outorgamento discrecional por parte da Administración.
- b) O prazo de duración non poderá exceder de 50 anos sen prexuício da súa prórroga por mutuo acordo.
- c) Outorgaranse para unha finalidade concreta, con determinación do seu obxecto e límites.
- d) Fixarase o pago dun canon anual¹²², dunha contía non inferior ó resultado de aplicar ó valor do elemento patrimonial do que se trate o tipo de interese básico do Banco de España.
- e) Outorgaranse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuício de terceiro.

¹²⁰ Arts. 130 e ss. deste regulamento.

¹²¹ Arts. 54 e ss. da Lei do patrimonio da CA e 128 e ss. deste regulamento.

¹²² Véxase o art. 9.1 b) da Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da CA de Galicia (DOG nº 241, do 13 de decembro).

f) Levarán implícita a facultade de rescate antes do seu vencemento, mediante indemnización, se o xustificasen circunstancias sobrevidas de interese público.

g) Levarán anexas as facultades administrativas de inspección e vixilancia sobre os bens obxecto de concesión, así como sobre as instalacións ou construcións que puidesen existir.

h) Establecerán garantías suficientes para asegura-lo bo uso dos bens e instalacións por parte do concesionario.

Artigo 129

As concesións conterán as cláusulas que se xulguen convenientes ó caso concreto e, ademais, as seguintes:

a) Obxecto da concesión administrativa e límites ós que se extendese.

b) Obras e instalacións que, se é o caso, se tivesen que realizar, prazo para a súa execución e prohibicións de realizar outras distintas.

c) Prazo de concesión, data de comenzo e prórrogas posibles.

d) Deberes e facultades do concesionario.

e) Canon que se tivese que satisfacer á Comunidade Autónoma.

f) Se é o caso, réxime de tarifas que tivesen que percibir dos usuarios con descomposición dos seus factores constitutivos e bases para a súa revisión.

g) Obriga por parte do concesionario de manter en bo estado de conservación o dominio público utilizado e as obras e instalacións que constrúise.

- h) Fianzas que se constituirán a favor da Administración por parte do concesionario.
- i) Reversión ou non das obras e instalacións ó remata-la concesión.
- l) Sanción por incumprimento das obrigas contraídas.
- ll) Obriga do concesionario de abandonar e deixar libres e vacuos, ó dispor da Comunidade Autónoma, dentro do prazo, os bens obxecto de utilización e recoñecemento da potestade daquela para acordar e executar por si o lanzamento.

Artigo 130

1. Cando algunha persoa, natural ou xurídica, por propia iniciativa, pretenda realizar unha ocupación privativa do dominio público que se teña que lexitimar mediante concesión administrativa, deberá presentar unha memoria explicativa da conveniencia e oportunidade da ocupación e xustificativa da súa adecuación ás esixencias do interese xeral.
2. A Consellería competente examinará a petición e tendo en conta o interese público concorrente, admitiraa a trámite ou desbotaraa, unha vez oída a *Dirección Xeral do Patrimonio*.

Artigo 131

Admitida a trámite a petición, a propia Consellería redactará o proxecto correspondente, que conterà, en todo caso, unha memoria xustificativa da ocupación privativa do dominio público afectado, identificará física e xuridicamente a porción de dominio público obxecto de ocupación mediante a aportación dos datos, planos e documentos necesarios para o efecto, e incorporará o presuposto, planos e prego de condicións, se é o caso, das obras que se debesen executar, así como o prego de condicións que deban rexe-la concesión con subxección ó disposto no artigo 129.

Artigo 132

1. Aprobado pola Consellería o proxecto, convocarase licitación para adxudicalo.
2. A adxudicación das concesións acomodarse ó disposto no presente Regulamento para o alleamento de bens patrimoniais¹²³ e a lexislación sobre contratación administrativa para a xestión dos servizos públicos¹²⁴ e será acordada pola Consellería competente por razón da materia (*art. 55 Lei*).
3. As concesións sobre bens de dominio público da Comunidade Autónoma formalizaranse en documento administrativo, suscrito pola *Dirección Xeral do Patrimonio*, sen prexuício de que calquera das partes poida esixir, pola súa conta, a formalización do contrato en escritura pública.

Artigo 133

Adxudicada a concesión, o seu exercicio será obrigatorio polo concesionario, quen ten a facultade de utilizar privativamente a parte de dominio público que lle fose concedida. O seu dereito é transmisible, excepto no caso de que a concesión fose outorgada en atención ás súas cualidades persoais e naqueloutros nos que a normativa específica así o determine, pero a transmisión requirirá acto expreso aprobatorio para a súa eficacia fronte á Administración outorgante.

Artigo 134

Son causas de extinción das concesións:

- 1) O transcurso do prazo ou da súa prórroga.

¹²³ Arts. 60 e ss.

¹²⁴ Arts. 114 e ss. do TRLCAP e 180 e ss. do Rto. xeral da Lei, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (BOE nº 257 do 26 de outubro).

- 2) O rescate.
- 3) A renuncia e o non exercicio do dereito nos casos nos que proceda.
- 4) A caducidade ou resolución da relación concesional.
- 5) A desaparición ou esgotamento da cousa.
- 6) A degradación do título concesional por desafectación do ben demanial.
- 7) E calquera outra causa admitida en dereito (*art. 56 Lei*).

Artigo 135

Nos supostos de degradación do título concesional, por desafectación do demanio¹²⁵ que lle serve de fundamento, os titulares de autorizacións, licencias ou concesións outorgadas legalmente continuarán na posesión dos seus dereitos.

Non obstante, será declarada a caducidade das concesións das que vencese o prazo ou daquelas nas que a Administración reserva para si a facultade de libre rescate, sen prexuício de que a Consellería de Economía e Facenda, a proposta da *Dirección Xeral do Patrimonio*, poida acordala expropiación de considerar que o mantemento da concesión prexudicaría o posterior destino dos bens ou que os farían desmerecer notoriamente en caso de alleamento (*art. 57 Lei*).

Artigo 136

O órgano competente para o outorgamento da concesión poderá modificar, por razóns de interese público, as características da concesión outorgada, así como o canon que

¹²⁵ Arts. 23 e ss. deste regulamento.

viñese abonando o concesionario ou as tarifas que se percibisen dos usuarios.

Artigo 137

1. No alleamento de bens desafectados, os titulares de dereitos sobre eles, resultantes dunha concesión, terán a facultade de adquirilos con preferencia a calquera outra persoa que non teña ó seu favor un dereito de retracto legalmente establecido.

2. Os dereitos de adquisición preferente regulados no parágrafo anterior, non terán lugar nos supostos a que fan referencia os artigos 83 e 88 deste Regulamento.

3. As entidades que, consonte cos artigos 83 e 88, recibisen bens sobre os que recaian os dereitos anteriormente establecidos en favor de beneficiarios de concesións e autorizacións poderán liberalos con cargo exclusivo ós seus fondos propios en igualdade de termos coa Comunidade Autónoma, podendo instar, se é o caso, o exercicio de potestade expropiatoria (*art. 58 Lei*).

CAPÍTULO SEGUNDO**Explotación dos bens patrimoniais***Artigo 138*

Correspóndelle ó Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Economía e Facenda, dispoñe-lo modo de explotación, consonte co criterio de maior rendabilidade, dos bens patrimoniais que non conveña allear, nas condicións usuais da práctica civil ou mercantil (*art. 60 Lei*).

Artigo 139

A explotación poderá ser levada a cabo directamente pola propia Administración da Comunidade Autónoma, por unha entidade autónoma dependente da mesma, ou conferirse a particulares mediante contrato (*art. 61 Lei*).

Artigo 140

O expediente de explotación do ben ou bens de dominio privado dos que se trate incoarao a *Dirección Xeral do Patrimonio*, de oficio ou a instancia de parte e a el incorporará unha memoria comprensiva, de polo menos, os seguintes extremos:

- a) Descrición do ben ou bens da explotación da que se trate.
- b) Posibilidade de explotación.
- c) Estudio económico da mesma, dadas as características peculiares do ben ou bens e a xestión dos intereses propios da Comunidade Autónoma.
- d) Forma de explotación que se considere máis adecuada.

2. Se a memoria conclúe propoñendo a explotación de bens mediante contrato con particulares, xuntarase tamén o modelo das bases ás que se deba somete-lo concurso público, tendo en conta que a contraprestación económica non será en ningún caso inferior á do mercado coas adecuacións periódicas que se deriven das fluctuacións do valor dos cartos.

3. A Asesoría Xurídica e a Intervención Xeral da Xunta de Galicia emitirán informe sobre o expediente¹²⁶ e posteriormente será sometido á aprobación do Conselleiro de Economía e Facenda, quen elevará ó Consello da Xunta a proposta correspondente.

Artigo 141

Se o Consello da Xunta acordase que a explotación se levase a cabo directamente ou por medio de entidade autónoma fixará as condicións da mesma. A entrega do ben ó órgano ou entidade a quen se confíe a explotación será realizada pola *Dirección Xeral do Patrimonio*, a quen lle corresponderá a vixilancia do exacto cumprimento das condicións impostas, de acordo coas instrucións que para o efecto reciba do Conselleiro de Economía e Facenda (*art. 62 Lei*).

Artigo 142

1. Se o Consello da Xunta dispuxese que a explotación se encomende a particulares mediante contrato, aprobará as bases do concurso, que será convocado e resolto pola Consellería de Economía e Facenda.

2. A convocatoria publicarase no Diario Oficial de Galicia e potestativamente nun dos xornais de maior circulación de Galicia, e terá que conter, polo menos, os seguintes datos:

¹²⁶ Arts. 1º, apartados 2 e 3, e 12º do Regulamento orgánico da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, aprobado polo D. 370/1992, do 3 de decembro (DOG nº 252, do 29 de decembro), así como os arts. 93 e ss. do TRLRFO.

- a) Identificación do ben.
- b) Sistema de adxudicación e tipo de contrato.
- c) Lugar e horario no que se deben presenta-las proposicións, e día, lugar e hora nos que se realizará a apertura. O prazo de presentación de proposicións non será nunca inferior a quince días nin superior a tres meses.

3. Malia o establecido nos apartados anteriores, o Consello da Xunta poderá acorda-la adxudicación directa da explotación de bens patrimoniais cando concorran circunstancias que así o aconsellen, logo de xustificación razoada no expediente¹²⁷ (*art. 63.1*).

Artigo 143

Están facultadas, para contrata-la explotación de bens patrimoniais da Comunidade Autónoma as persoas que, ostentando plena capacidade de obrar, a tivesen de conformidade coa lexislación xeral de contratos do Estado¹²⁸ (*art. 64 Lei*).

Artigo 144

- 1. A celebración do concurso axustarase ós trámites establecidos nos artigos 43 e 45 deste Regulamento.
- 2. Non obstante, e no referente á composición da Mesa, o representante sinalado na letra d) do artigo 44 será substituído por un representante da Consellería de Economía e Facenda.
- 3. A adxudicación outorgarase con carácter provisional á proposición que obtivese maior número de votos, decidindo,

¹²⁷ Apartado engadido polo D. 238/1998, do 24 de xullo, polo que se modifica o Rto. de execución da Lei 3/1985 (DOG nº 156, do 13 de agosto).

¹²⁸ Arts. 15 e ss. do TRLCAP.

en caso de empate, o do presidente. Os vocais da Mesa que disintan do acordo da maioría poderán formular, por escrito, voto reservado contra o devandito acordo expresando necesariamente as razóns nas que apoien a súa oposición ó mesmo.

4. A acta da sesión, as proposicións presentadas e, se é o caso, o voto ou votos reservados serán elevados ó Conselleiro de Economía e Facenda para que resolva sobre a adxudicación definitiva.

Artigo 145

1. Acordada a adxudicación definitiva, notificarase ó concursante favorecido e o acordo publicarase no Diario Oficial de Galicia.

2. O contrato formalizarase notarialmente por conta do adxudicatario e coa intervención da *Dirección Xeral do Patrimonio*, que exercerá a vixilancia precisa sobre a empresa adxudicataria da explotación para garanti-la indemnización do ben do que se trate e, se é o caso, a íntegra percepción das cantidades que teña que paga-lo adxudicatario, así como, en xeral, o cumprimento do contrato.

Para estes efectos, o devandito centro directivo poderá reclama-la colaboración que considere precisa doutros órganos da Administración da Comunidade Autónoma (*art. 65 Lei*).

Artigo 146

A pedimento do adxudicatario, poderase prorroga-lo contrato por acordo do Consello da Xunta se o resultado satisfactorio da explotación fixese aconsellable esta medida.

A solicitude da prórroga deberá realizarse antes do vencemento do prazo contractual, e dirixirase á *Dirección Xeral*

do Patrimonio, que emitirá informe sobre ela así como tamén á Intervención Xeral, elevándose posteriormente o expediente ó Conselleiro de Economía e Facenda (*art. 66 Lei*).

Artigo 147

A subrogación de calquera persoa natural ou xurídica nos dereitos ou obrigas do adxudicatario requirirá acordo do Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Economía e Facenda. O expediente será tramitado pola *Dirección Xeral do Patrimonio* co seu informe e o da Intervención Xeral.

A persoa subrogada deberá reuni-los requisitos necesarios para contratar¹²⁹ (*art. 67 Lei*).

Artigo 148

1. Os froitos, rendas ou percepcións de calquera clase ou natureza producidos pola explotación, así como polo alleamento dos bens patrimoniais logo de liquidación, cando sexa preciso, ingresarán na Tesourería da Xunta con aplicación ós pertinentes conceptos do presuposto de ingresos.

2. Non se admitirán máis excepcións ó disposto no parágrafo anterior cás consignadas nunha lei¹³⁰ (*art. 68 Lei*).

¹²⁹ Véxase nota ó art. 143 deste regulamento.

¹³⁰ Art. 15 do TRLRFO.

TÍTULO TERCEIRO

PROTECCIÓN E DEFENSA

CAPÍTULO PRIMEIRO

Ámbito e medios

Artigo 149

1. A protección fronte a terceiros dos bens demaniais e patrimoniais da Comunidade Autónoma comprende o inventario, a inscrición nos rexistros e o deslindamento dos mesmos para a súa identificación¹³¹.

2. A Comunidade Autónoma, para a defensa e tutela do seu patrimonio, terá capacidade para exercita-las accións e recursos que procedan, así como para o seguro dos bens que o integran, de conformidade co disposto nas leis¹³² e no presente Regulamento ¹³³.

¹³¹ Sobre o inventario e a inscrición, arts. 150 a 168 deste regulamento. Para o deslindamento, arts. 170 a 181 do mesmo.

¹³² Véxase a Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro (BOE nº 250, do 17 de outubro), modificada pola Lei 21/1990, do 19 de decembro, de adaptación do Dereito español á Directiva 88/357/CEE, sobre liberdade de servizos en seguros distintos ó de vida e actualización da lexislación de seguros (BOE nº 304, do 20 de decembro), pola Lei 9/1992, do 30 de abril, reguladora da actividade de mediación (BOE nº 106, do 2 de maio), pola Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados (BOE nº 268, 9 de novembro), pola Lei 18/1997, do 13 de maio, de modificación do artigo 8 da Lei de contrato de seguro (BOE nº 115, do 14 de maio) e pola Lei 44/2002, do 22 de novembro (BOE nº 281, do 23 de novembro).

Pode terse en conta, así mesmo, o R.D. 2486/1998, do 20 de novembro, polo que se aproba o Rto. de ordenación e supervisión dos seguros privados (BOE nº 282, do 25 de novembro), modificado polo R.D. 996/2000, do 2 de xuño (BOE nº 142, do 14 de xuño) e polo R.D. 7/2001, do 12 de xaneiro (BOE nº 12, do 13 de xaneiro).

¹³³ Art. 169 deste regulamento.

CAPÍTULO SEGUNDO
Inventario, inscrición e seguro
Sección 1ª. - Inventario

Artigo 150

A Consellería de Economía e Facenda, a través da *Dirección Xeral do Patrimonio*, deberá leva-lo Inventario Xeral do Patrimonio da Comunidade Autónoma, que comprenderá:

- a) Os bens inmobles¹³⁴ da Comunidade Autónoma, calquera que sexa a súa natureza, demanial ou patrimonial, e a forma da súa adquisición.
- b) Os dereitos patrimoniais.
- c) Os bens mobles¹³⁵ de carácter histórico-artístico ou de apreciable valor económico.
- d) Os títulos-valores.
- e) Os bens e dereitos atribuídos a organismos autónomos ou entidades públicas, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia coa única excepción dos que se adquiran para garanti-la rendabilidade das reservas legais que teñan que se constituír co propósito¹³⁶ de devolvelos ó tráfico xurídico patrimonial de acordo cos seus fins patrimoniais.
- f) Os bens mobles non comprendidos nos apartados anteriores (*art. 78 Lei*).

¹³⁴ Art. 334 do CC.

¹³⁵ Arts. 335 a 337 do CC.

¹³⁶ Erro non corrixido. Debe entenderse "ou co propósito", de acordo co art. 78 da lei.

Artigo 151

O inventario dos bens e dereitos ó que se refire o artigo anterior elaborárase nas seguintes relacións separadas:

- a) Inmables.
- b) Dereitos reais e arrendamentos.
- c) Mobles de carácter histórico-artístico ou de apreciable valor económico.
- d) Títulos-valores.
- e) Mobles non comprendidos noutros epígrafes.
- f) Semoventes.
- g) Vehículos.
- h) Concesións administrativas, tanto se a Administración autonómica é concedente como se é concesionaria.
- i) Bens e dereitos suxeitos a condicionamentos¹³⁷.

Artigo 152

1. A formación e actualización¹³⁸ do Inventario Xeral do Patrimonio da Comunidade Autónoma é competencia da *Dirección Xeral do Patrimonio*.

2. Para estes efectos, as diferentes Consellerías, entes públicos autonómicos e órganos estatutarios remitirán á citada *Dirección Xeral* o inventario de bens mobles e semoventes que lles resulten adscritos, sen prexuício de que a dita *Dirección Xeral*

¹³⁷ Cada unha das relacións sinaladas neste precepto teñen a súa regulación específica nos arts. 154 a 162 deste regulamento.

¹³⁸ Véxase a disposición adicional 8ª deste regulamento.

poida establece-las normas de coordinación e normalización que considere oportunas para a realización do dito Inventario¹³⁹, así como realízalos por si ou demandando a colaboración necesaria das Consellerías, entes públicos autonómicos e órganos estatutarios.

Con carácter xeral, as Consellerías, entes públicos autonómicos e órganos estatutarios facilitarán á *Dirección Xeral do Patrimonio* tódolos datos e antecedentes que reclame este centro directivo para a formación e posta ó día do Inventario Xeral¹⁴⁰.

Co mesmo fin os citados órganos e entes deberán remitir á *Dirección Xeral do Patrimonio* unha copia da acta de recepción das obras públicas contratadas, así como facilitar cantos datos e características das mesmas sexan requeridas polo citado centro directivo.

Artigo 153

1. O labor de inventario comprende o de valoración dos bens e dereitos inventariados.

A valoración será realizada polos técnicos con titulación suficiente designados pola *Dirección Xeral do Patrimonio*, que,

¹³⁹ Véxase a Res. do 3 de xaneiro de 1990 da D. X. do Patrimonio pola que se establecen normas sobre o cerramento e conseguinte formación do inventario xeral, con data do 31 de decembro do pasado ano 1989, e se establece o procedemento para a súa actualización permanente (DOG nº 10, do 15 de xaneiro), e a Res. do 5 de febreiro de 1992 da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio sobre habilitación de facultativos para a asistencia ás recepcións provisionais de obras, para os efectos da actualización do inventario de bens inmobles da CA (DOG nº 35, do 20 de febreiro). Complementariamente, para a formación do inventario véxase tamén a Res. da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma do 6 de xuño de 1986, pola que se aproban os modelos normalizados para a solicitude de representante dese centro nos actos de recepción provisionais únicos e definitivos (DOG nº 118, do 19 de xuño).

¹⁴⁰ Como exemplo de colaboración na formación do inventario xeral, véxase o art. 16 do D. 70/1997, do 14 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo (DOG nº 68, do 10 de abril), modificado polo D. 258/1999, do 17 de setembro (DOG nº 190, do 30 de setembro).

para iso, poderá solicita-la colaboración dos correspondentes servizos técnicos da Administración da Comunidade Autónoma¹⁴¹.

Cada valoración expresará os criterios ou técnicas de taxación seguidas e o valor resultante non poderá exceder en ningún caso do valor do mercado.

2. Os valores fixados serán obxecto de actualización periódica e, en todo caso, cada tres anos ou antes, se mediasen circunstancias excepcionais que deixasen aqueles notablemente desfasados.

Artigo 154

1. O inventario de bens inmobles comprenderá a máis completa descrición posible das circunstancias físicas e xurídicas dos mesmos, de modo que permita a súa perfecta identificación e a consideración das súas posibilidades de uso ou servizo.

2. Particularmente, expresará polo menos as seguintes circunstancias:

- a) Nome ou denominación do inmovible, se o tivese.
- b) Situación, lindeiros, superficie e estado de conservación.
- c) Título de adquisición, precisando se se trata de inmobles adquiridos pola propia Comunidade Autónoma ou procedentes de transferencias do Estado.
- d) Natureza do ben patrimonial ou de dominio público, precisando neste caso a Consellería ou ente público ou órgano estatutario a que estea adscrito.

¹⁴¹ Véxase a disposición adicional 7ª deste regulamento.

- e) Inscripción no Rexistro da Propiedade, se fose inscribible.
- f) Determinacións urbanísticas que lle afecten.
- g) Dereitos reais ou persoais que lle afecten.
- h) Valor actual e custo de mantemento.
- i) Froitos e rendas que produza.

Artigo 155

O inventario de dereitos reais e arrendamentos comprenderá as seguintes circunstancias:

- a) Natureza do dereito.
- b) Inmóble sobre o cal recaía.
- c) Órgano ou ente que o utiliza.
- d) Contido do dereito.
- e) Título de adquisición.
- f) Inscripción no Rexistro da Propiedade.
- g) Custo da adquisición, se é o caso, ou precio do arrendamento.
- h) Valor actual.
- i) Froitos e rendas que produza.

Artigo 156

O inventario de bens mobles de carácter histórico-artístico¹⁴² ou de apreciable valor económico expresará os seguintes aspectos:

- a) Descrición de forma que permita a súa identificación.
- b) Acreditación do seu valor histórico-artístico.
- c) Ubicación e órgano ou ente responsable da súa custodia.

Artigo 157

O inventario de títulos-valores conterá tódalas circunstancias xurídico-mercantís, económicas e de rendabilidade que permitan a súa perfecta identificación e valoración.

Necesariamente precisará o número dos títulos, a súa clase, serie e numeración, o seu valor nominal e efectivo.

Artigo 158

O inventario de bens mobles non comprendidos nos artigos anteriores farase describíndoos da forma máis completa posible para efectos da súa identificación, individualización e valoración.

Artigo 159

O inventario de bens semoventes consignará, con referencia a cada unha das fincas nas que estean estabulados, os datos referentes a:

- a) Especie, marca ou raza.

¹⁴² Téñase en conta a Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia (DOG nº 214, do 8 de novembro).

b) Número de cabezas.

c) Valoración.

Artigo 160

No inventario de vehículos faranse constar as características identificativas, data e custos de adquisición, quilometraxe, estado de conservación e valor actual de cada un dos vehículos que compoñen o parque móbil da Comunidade Autónoma¹⁴³.

Artigo 161

O inventario das concesións administrativas comprenderá un resumen sucinto de tódolos extremos das concesións nas que sexa parte concedente ou concesionaria a Comunidade Autónoma.

Artigo 162

O inventario de bens ou dereitos suxeitos a condicionamentos ten por obxecto facilitar á Administración da Comunidade Autónoma o coñecemento destes e o oportuno exercicio, se é o caso, das facultades ou accións que lle correspondan, polo cal aqueles constarán con precisión das circunstancias identificativas necesarias para tal efecto.

Artigo 163

De acordo coas normas anteriores, poderán formarse inventarios separados dos bens e dereitos que correspondan ás Consellerías, órganos estatutarios, entes públicos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

¹⁴³ Véxanse o D. 327/1994, do 3 de novembro, polo que se regula o parque móbil da Xunta de Galicia (DOG nº 214, do 7 de novembro. C. de e. no DOG nº 217, do 10 de novembro), e a O. do 23 de novembro de 1994 pola que se desenvolve o decreto citado (DOG nº 227, do 24 de novembro).

Artigo 164

1. O inventario xeral será obxecto de actualización continuada, pero a súa comprobación para os efectos da súa aprobación farase cada ano.

2. Para tal efecto, no primeiro trimestre de cada ano, a *Dirección Xeral do Patrimonio* elaborará unha memoria detallada das altas e baixas, reflexadas no Inventario Xeral do Patrimonio da Comunidade Autónoma durante o ano anterior, así como das actualizacións de valor que, se é o caso, se verificasen.

3. Para facilita-la información desta memoria as Secretarías Xerais *Técnicas*¹⁴⁴ das distintas Consellerías e os presidentes e directores dos órganos estatutarios e entes públicos facilitarán á *Dirección Xeral do Patrimonio* dentro do mes de xaneiro de cada ano a relación actualizada dos bens mobles a que se refiren os artigos deste Regulamento, así como a dos semoventes e vehículos.

Artigo 165

O Inventario Xeral, pechado o 31 de decembro do ano anterior en unión da memoria á que se refire o artigo anterior, será autorizado polo *Director Xeral do Patrimonio* e elevado á aprobación do Conselleiro de Economía e Facenda.

O acordo de aprobación será publicado no Diario Oficial de Galicia e anunciará a exposición ó público do inventario durante quince días.

¹⁴⁴ A referencia ás Secretarías Xerais Técnicas debe entenderse referida ás actuais Secretarías Xerais, de acordo coa disposición adicional primeira do D. 291/1993, do 11 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia (DOG nº 238, do 13 de decembro).

Artigo 166

O Servizo de Inventario estará asistido polo de Contabilidade Patrimonial, que dependerá funcionalmente da Intervención Xeral da Xunta (*art. 78.2 Lei*).

Sección 2ª. Inscripción de bens e dereitos

Artigo 167

1. Será obrigatoria para a Comunidade Autónoma a inscrición ou anotación dos bens e dereitos da súa pertenza no Rexistro da Propiedade ou en calquera outro Rexistro de carácter público.

2. Están exceptuados da inscrición ou anotación rexistral os bens demaniais de uso público e todos aqueles dos que a condición demanial se manifesta de forma ostensible ou aparente¹⁴⁵.

3. A *Dirección Xeral do Patrimonio* será a encargada de promover a inscrición ou anotación dos bens no Rexistro competente (*art. 79 Lei*).

Artigo 168

1. A inscrición ou anotación e, se é o caso, a inmatriculación dos bens e dereitos da Comunidade Autónoma realizarase con relación ó disposto na Lei Hipotecaria e no seu Regulamento para os bens e dereitos do Estado¹⁴⁶.

¹⁴⁵ Arts. 5 e 6 do Rto. hipotecario, aprobado polo D. do 14 de febreiro de 1947 (BOE nº 106, do 16 de abril).

¹⁴⁶ Véxanse os arts. 2 e 206 da Lei hipotecaria do 8 de febreiro de 1946 (BOE nº 58, do 27 de febreiro) e os arts. 4, 5, 17 a 30, 32 e 303 a 307 do seu regulamento, aprobado polo D. do 14 de febreiro de 1947 (BOE nº 106, do 16 de abril).

2. Para a inscrición no Rexistro da Propiedade do traspaso de bens inmobles do Estado á Comunidade Autónoma, terase en conta o establecido na disposición transitoria cuarta, 3 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

3. Os honorarios dos rexistradores pola inmatriculación, inscrición ou anotación de bens e dereitos da Comunidade Autónoma, observarán a redución que corresponda de acordo co establecido no artigo 50 do Estatuto de Autonomía para Galicia.

Sección 3ª. Seguro de determinados bens¹⁴⁷

Artigo 169

1. Os bens inmobles e os bens mobles de carácter histórico-artístico ou de considerable valor económico poderanse asegurar mediante a oportuna póliza.

2. Correspóndelle acorda-la subscrición da póliza á Consellería de Economía e Facenda a proposta da Consellería interesada ou da *Dirección Xeral do Patrimonio*¹⁴⁸, logo de expediente

¹⁴⁷ Véxase a Lei 50/1980, de contrato de seguro (BOE nº 250, do 17 de outubro), modificada pola Lei 21/1990, do 19 de decembro, de adaptación do Dereito español á Directiva 88/357/CEE, sobre liberdade de servizos en seguros distintos ó de vida e actualización da lexislación de seguros (BOE nº 304, do 20 de decembro), pola Lei 9/1992, do 30 de abril, reguladora da actividade de mediación (BOE nº 106, do 2 de maio), pola Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados (BOE nº 268, 9 de novembro), pola Lei 18/1997, do 13 de maio, de modificación do artigo 8 da Lei de contrato de seguro (BOE nº 115, do 14 de maio) e pola Lei 44/2002, do 22 de novembro (BOE nº 281, do 23 de novembro).

Así mesmo, pode terse en conta o R.D. 2486/1998, do 20 de novembro, polo que se aproba o Rto. de ordenación e supervisión dos seguros privados (BOE nº 282, do 25 de novembro), modificado polo R.D. 996/2000, do 2 de xuño (BOE nº 142, do 14 de xuño) e polo R.D. 7/2001, do 12 de xaneiro (BOE nº 12, do 13 de xaneiro).

¹⁴⁸ Véxase o art. 4.2.2.5 do D. 312/2000, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Cª de Economía e Facenda (DOG nº 65, do 2 de abril de 2001).

tramitado polo centro directivo no que se acredite a conveniencia do seguro.

3. A subscrición da póliza farase coa compañía de seguros que ofrezca mellores condicións, polo cal se deberá promover concorrencia pública de ofertas¹⁴⁹.

¹⁴⁹ Son aplicables as normas contidas para o contrato de servizos nos arts. 196 e ss. do TRLCAP.

CAPÍTULO TERCEIRO

Deslindamento

Artigo 170

A Xunta de Galicia poderá proceder ó deslindamento dos bens do seu patrimonio, tanto demaniais como patrimoniais, mediante procedemento administrativo no que se oia ós afectados por este. O deslindamento acordarao de oficio a *Dirección Xeral do Patrimonio* ou a instancia dos propietarios das fincas estremitas¹⁵⁰ ou titulares de dereitos reais sobre as mesmas (*art. 72.1 Lei*).

Artigo 171

1. Mentres estea en trámite o procedemento administrativo de deslindamento, non poderá instarse procedemento xudicial con igual pretensión nin se admitirán interdictos sobre o estado posesorio das fincas da Comunidade Autónoma obxecto daquel¹⁵¹.

2. Do acto que inicie o procedemento darase traslado ó Rexistro da Propiedade co fin de que, se a finca estivese inscrita, se practique anotación marxinal ó asentamento de inscrición da mesma e, se é o caso, das fincas estremitas afectadas ou, en defecto de inmatriculación, se extenda anotación de suspensión (*art. 73 Lei*).

¹⁵⁰ Debe entenderse "estremeiras".

¹⁵¹ Arts. 2.061 a 2.070 da Lei de axuizamento civil, promulgada polo R.D. do 3 de febreiro de 1881 (Gacetas nº 36 a 53, do 5 ó 22 de febreiro). Téñanse en conta tamén os arts. 249.2, 250.4, 251.3ª.6º e 437 e ss. da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil (BOE nº 7, do 8 de xaneiro).

Artigo 172

O expediente iniciarase por acordo do *Director Xeral do Patrimonio*, que ordenará a confección dunha memoria comprensiva de, polo menos, os seguintes extremos:

- a) Motivación do deslindamento que se propón.
- b) Descrición da finca ou fincas ás que afecta, precisando a súa superficie, lindeiros e demais circunstancias que os identifiquen.
- c) Títulos de propiedade e, se é o caso, certificación acreditativa da súa inscrición no Rexistro da Propiedade, e información de tódolos incidentes habidos sobre propiedade, posesión e disfrute.

Artigo 173

1. Se da devandita memoria resulta a conveniencia do deslindamento, o *Director Xeral do Patrimonio* acordará a súa práctica, e notificarao ós propietarios das fincas estremeiras, así como ós titulares doutros dereitos reais constituídos sobre as mesmas, se uns e outros tivesen domicilio coñecido.

2. Sen prexuício de tales notificacións o deslindamento anunciarase no Diario Oficial de Galicia e no taboleiro de anuncios do Concello no que radiquen as fincas afectadas, con polo menos dous meses de antelación á data na que teña que dar comenzo.

3. A notificación e os anuncios ós que se refiren os apartados anteriores precisarán a finca ou fincas obxecto de deslindamento e o lugar, día e hora no que se dará comenzo á súa práctica. Igualmente advertirán que os interesados poderán presentar tódalas alegacións e documentos que consideren conducentes á proba e defensa dos seus dereitos ata vinte días antes do comenzo das operacións. Transcorrido este prazo, non se admitirá ningún documento nin alegación.

Artigo 174

A documentación incorporada ó expediente será remitida á Asesoría Xurídica da Consellería para que califique a validez e eficacia xurídica dos títulos presentados co obxecto de acredita-lo dominio ou posesión das fincas ás que se refiran, e, á vista deste informe, a *Dirección Xeral do Patrimonio* resolverá o que considere pertinente antes do día no que deba iniciarse a práctica do deslindamento.

Artigo 175

1. No día e hora sinalados dará comenzo a práctica do deslindamento, á que asistirán: un técnico con título facultativo adecuado e un representante da *Dirección Xeral do Patrimonio*, ámbolos dous designados polo *Director Xeral*, e os prácticos que sexan necesarios. Poderá tamén asistir un técnico nomeado polos interesados.

2. O acto consistirá en fixar con precisión os límites da finca e expedi-la correspondente acta.

3. Nesta acta faranse consta-las seguintes circunstancias:

- a) Día, lugar e hora do inicio da operación.
- b) Nome, apelidos e representación dos concurrentes.
- c) Descrición do terreo, traballos realizados e instrumentos utilizados.
- d) Dirección e distancias ou lonxitudes das liñas perimetrais.
- e) Situación, cabida aproximada da finca e denominacións especiais, se as tivese.
- f) Manifestacións ou observacións que se formulen, pero sen que caiba a aportación de documentos por parte dos interesados.

g) Hora de finalización do deslindamento e sinatura dos asistentes.

4. Se non se puidese remata-lo apeo nunha soa xornada proseguirán as operacións durante as sucesivas, e noutras que se conviñesen sen necesidade de nova citación, e por cada unha delas expedirase a correspondente acta. Se ó rematar unha xornada non se conviñese a data na que proseguirán as actuacións, practicarase nova citación en forma ós interesados.

5. Concluída a práctica do deslindamento incorporárase ó expediente a acta ou actas levantadas e un plano topográfico a escala da finca obxecto daquel.

Artigo 176

Dentro dos dez días seguintes á conclusión do procedemento a *Dirección Xeral do Patrimonio* propoñerá ó Conselleiro de Economía e Facenda a Orde aprobatoria do deslindamento.

Artigo 177

A resolución definitiva do deslindamento non poderá efectuar declaracións de dominio ou decidir cuestións de carácter civil, limitándose a definir un estado posesorio de feito que se presume integrado nunha titularidade preexistente (*art. 72.2 Lei*).

Artigo 178

A Orde resolutoria do deslindamento, que se notificará a tódolos interesados e se publicará no Diario Oficial de Galicia, será executiva e poderá ser impugnada en vía contencioso-administrativa, sen prexuício das accións que correspondan perante a xurisdicción ordinaria (*art. 74 Lei*).

Artigo 179

Firme a resolución aprobatoria do deslindamento, procederase á demarcación, con intervención dos interesados. Para este efecto sinalarase día para a súa práctica, que será notificada ós

mesmos e publicada no «Diario Oficial de Galicia» polo menos con dez días de antelación (*art. 75 Lei*).

Artigo 180

O deslindamento administrativo será obxecto de inscrición no Rexistro da Propiedade¹⁵². Para iso, en defecto de inmatriculación da finca procederase á previa inscrición do título adquisitivo desta ou, a falta deste, da certificación librada consonte co disposto no artigo 206 da Lei Hipotecaria (*art. 76 Lei*).

Artigo 181

Se o deslindamento se acordase a instancia de parte, os interesados deberán responsabilizarse no expediente dos gastos que orixinase.

¹⁵² Art. 12.2 do Rto. hipotecario, aprobado polo D. do 14 de febreiro de 1947 (BOE nº 106, do 16 de abril).

CAPÍTULO CUARTO

Protección posesoria e investigación

Sección 1ª. Recuperación da posesión

Artigo 182

1. A Administración da Xunta de Galicia poderá recuperar por si mesma, en calquera momento, a posesión dos seus bens de dominio público.

2. Igualmente poderá recupera-la posesión indebidamente perdida sobre os bens e dereitos patrimoniais no prazo de un ano, contado a partir do día seguinte de producirse a usurpación¹⁵³. Transcorrido este tempo deberá acudir perante a xurisdicción ordinaria exercitando as accións correspondentes.

Non se admitirán interdictos contra a Administración da Xunta nesta materia, sempre que aquela se axustase ó procedemento legalmente establecido¹⁵⁴ (*art. 69 Lei*).

Artigo 183

1. A recuperación da posesión incoarase de oficio ou en virtude de denuncia verbal ou escrita, que dará lugar á instrucción do correspondente expediente por parte da *Dirección Xeral do Patrimonio*.

2. Comprobados os feitos que acrediten a usurpación, e sempre que non transcorrese un ano desde aquela, a *Dirección Xeral do Patrimonio* fará que o usurpador cese na súa

¹⁵³ Art. 460.4º do CC.

¹⁵⁴ Art. 101 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro).

actuación. No suposto de resistencia activa ou pasiva, actuarase de acordo co establecido na Lei de Procedemento Administrativo¹⁵⁵.

3. Se transcorrese máis de un ano, a *Dirección Xeral do Patrimonio* instará o exercicio das accións que procedesen en conformidade co disposto no artigo 135.2¹⁵⁶ deste Regulamento.

4. En todo caso, se do feito ou feitos que acrediten a usurpación se suscitasen indicios racionais de delito ou falta penal, darase conta dos mesmos á autoridade xudicial, sen prexuício de adopta-las medidas ás que se refiren os outros apartados deste artigo (*art. 71 Lei*).

Sección 2ª. Investigación e inspección

Artigo 184

A Administración da Comunidade ten a facultade de investigar e inspecciona-la situación dos bens e dereitos que se presuman do seu dominio privado, co fin de determinar e probar, cando non lle conste, a propiedade da Comunidade Autónoma sobre uns e outros (*art. 70 Lei*).

Artigo 185

O exercicio da acción investigadora poderá acordalo a *Dirección Xeral do Patrimonio* de oficio ou a instancia de particulares, podendo neste caso rexeitala se a considerase manifestamente infundada.

¹⁵⁵ Esta referencia legal debe entenderse feita ós artigos 93 e ss. da vixente Lei 30/1992, sinalada en nota ó art. anterior.

¹⁵⁶ Esta remisión normativa debe entenderse feita ó artigo 182.2, de acordo co previsto no artigo 71 da lei.

Artigo 186

1. Acordada a iniciación do expediente de investigación, dispoñerase a publicación no Diario Oficial de Galicia dun extracto do expediente onde figuren as características que permitan identifica-lo ben ou dereito investigado.
2. Un exemplar do mencionado Diario remitirase ó Concello correspondente para a súa exposición ó público no taboleiro de anuncios da devandita Corporación durante un prazo de 15 días.
3. Durante o prazo de un mes, contado desde o día seguinte ó que expirase o de publicación de anuncios, poderán as persoas afectadas polo expediente de investigación alegar por escrito o que consideren conveniente ó seu dereito, podendo aportar os datos, antecedentes ou documentos que consideren pertinentes.
4. Transcorrido o termo sinalado no apartado anterior, a *Dirección Xeral do Patrimonio* determinará a proba que, se é o caso, deba practicarse atendendo ó obxecto da investigación e tendo en conta o xa alegado e dilixenciado.
5. Completado o expediente, poñerase de manifesto por termo de 10 días ás persoas ás que afecte a investigación e comparecesen nel, para que dentro do devandito prazo aleguen o que consideren conveniente ó seu dereito.
6. A resolución do expediente de investigación correspóndelle á *Dirección Xeral do Patrimonio* e contra ela caberá recurso de alzada¹⁵⁷ perante o Conselleiro de Economía e Facenda, que coa súa resolución esgota a vía administrativa.

¹⁵⁷ Véxanse os arts. 114 e 115 da Lei 30/1992, citada en nota ó art. 182.2 deste regulamento, modificados pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE nº 12, do 14 de xaneiro. C. de e. no BOE nº 16, do 19 de xaneiro).

Artigo 187

1. Ás persoas que promovan a acción investigadora recoñeceráselle-lo dereito a percibir en concepto de premio o 10 por 100 da cantidade líquida que se obteña na venda dos bens investigados.

2. Se por calquera causa a finca investigada non fose vendida pola Comunidade Autónoma no prazo de cinco anos contados desde a conclusión do expediente, o premio previsto no apartado anterior será substituído, a vontade de quen tivese dereito ó mesmo, polo importe do 10 por 100 do valor de taxación da finca que conste no expediente.

Artigo 188

O coñecemento das cuestións de natureza civil que se susciten con ocasión da investigación practicada corresponderá á xurisdicción ordinaria.

Sección 3^a. - Embargos e execucións contra bens e dereitos da Comunidade Autónoma

Artigo 189

Ningún tribunal poderá dictar providencia de embargo nin despachar mandamento de execución contra os bens e dereitos do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia nin contra as rendas, froitos ou produtos do mesmo, debéndose ter en conta, a este respecto, o disposto na Lei de xestión económica e financeira pública de Galicia¹⁵⁸ (*art. 77 Lei*).

¹⁵⁸ Esta referencia legal debe entenderse feita ó TRLRFO, en concreto, ó seu art. 25.

CAPÍTULO QUINTO

Responsabilidades e sancións

Artigo 190

Toda persoa, natural ou xurídica, que teña ó seu cargo a xestión dos bens e dereitos ós que se refire esta Lei, estará obrigada a velar pola súa custodia, conservación e, se é o caso, explotación racional, debendo responder perante a Administración da Comunidade Autónoma dos danos e prexuícios sobrevidos pola súa perda ou deterioración cando concorrese fraude ou negligencia¹⁵⁹ (*art. 80 Lei*).

Artigo 191

1. Toda a persoa que por dolo ou negligencia cause dano en bens demaniais da Comunidade Autónoma ou realice sobre eles actos de usurpación, será sancionada en vía administrativa con multa do tanto a duplo do prexuício ocasionado, con independencia da reparación do dano ou da restitución, se é o caso (*art. 81 Lei*).

2. A contía da multa graduarase atendendo en cada caso concreto á gravidade do dano ou perxuício causado, ó grao de culpa concorrente e, se é o caso, á comisión repetida de feitos similares.

Artigo 192

A determinación do importe dos danos, a imposición das sancións e a esixencia de responsabilidades acordaranse e

¹⁵⁹ Véxanse os arts. 122 e ss. do TRLRFO.

executaranse en vía administrativa logo da tramitación do correspondente expediente con audiencia do interesado¹⁶⁰.

Artigo 193

1. Cando os feitos ós que se refire o artigo 191 puidesen constituír delito ou falta¹⁶¹, a Xunta de Galicia poñerá en coñecemento da xurisdicción penal, deixando en suspenso a tramitación do procedemento administrativo ata que se acorde o sobresemento da causa ou se dicte sentenza firme (*art. 82 Lei*).

2. Se a autoridade xudicial considera que non existiu infracción penal, a Administración continuará a tramitación do expediente administrativo con base nos feitos que os tribunais considerasen probados.

¹⁶⁰ Véxanse os arts. 127 e ss. da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), modificados pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE nº 12, do 14 de xaneiro. C. de e. no BOE nº 16, do 19 de xaneiro), e o Rto. do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo R.D. 1.398/1993, do 4 de agosto (BOE nº 189, do 9 de agosto).

¹⁶¹ Véxanse os arts. 234 e ss. e 623 e ss. do Código Penal, aprobado pola Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro (BOE nº 281, do 24 de novembro).

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira

O Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Economía e Facenda, determinará as condicións xerais que rexerán para toda clase de concesións, autorizacións ou permisos sobre o dominio público.

Segunda

As facultades que correspondan á Xunta de Galicia en relación cos edificios destinados á instalación de oficinas administrativas exerceranse consonte co disposto neste Regulamento, sen prexuício das que para emisión de informes sobre programación de necesidades de edificios se recoñecen á Xunta Coordinadora de Edificios Administrativos por Decreto 99/1988, do 21 de abril¹⁶².

Terceira

As Universidades públicas sobre as que teña competencia a Comunidade Autónoma de Galicia asumirán a titularidade dos bens de dominio público afectos ó cumprimento das súas funcións e os que co mesmo fin se lles adscriban¹⁶³.

¹⁶² Publicado no DOG nº 91, do 13 de maio de 1988.

Véxase tamén o D. 179/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a coordinación nos edificios administrativos da Xunta de Galicia (DOG nº 133, do 11 de xullo).

¹⁶³ Véxase o D. 253/1992, do 10 de setembro, polo que se aproban os estatutos da Universidade da Coruña (DOG nº 182, do 17 de setembro. C. de e. no DOG nº 198, do 9 de outubro), modificados polo Decreto 245/1998, do 30 de xullo (DOG nº 167, do 28 de agosto. C. de e. no DOG nº 214, do 4 de novembro de 1998), e polo D. 41/2000, do 25 de febreiro (DOG nº 43, do 2 de marzo).

Así mesmo, téñanse en conta a Res. do 16 de setembro de 1993 pola que se dá cumprimento ó acordo do Consello da Xunta de Galicia do 23 de agosto de 1993 sobre os estatutos da Universidade de Vigo (DOG nº 204, do 22 de outubro), e o D. 473/1997, do 28 de novembro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (DOG nº 250, do 29 de decembro. C. de e. nos DOG nº 104 e 112, do 2 e do 12 de xuño de 1998).

Cuarta

Toda subvención que, con cargo ós presupostos xerais da Comunidade Autónoma, vaia destinada a empresas públicas galegas ou participadas pola Comunidade Autónoma requirirá informe previo favorable da Consellería de Economía e Facenda¹⁶⁴.

Quinta

O Consello da Xunta de Galicia poderá, a través de Decreto, por proposta da Consellería de Economía e Facenda, modificar as contías establecidas nos artigos 25, 26, 34.1, 35.2 e 36 da Lei do Patrimonio¹⁶⁵.

Sexta

1. Autorízase á Consellería de Economía e Facenda a adquisición a título lucrativo ou gratuito, a favor da Comunidade Autónoma de Galicia, dos dereitos reais de dominio, uso e superficie sobre bens inmobles propiedade de entidades públicas ou privadas así como de particulares que os cedan para seren destinados preferentemente a instalacións da Compañía de Radio-Televisión de Galicia e das súas sociedades.

2. A Consellería de Economía e Facenda, con anterioridade á sinatura dos correspondentes documentos públicos, fará pública mediante Orde a adquisición do dereito así como a

¹⁶⁴ A O. da C. de Economía e Facenda do 17 de xullo de 1989 pola que se nomea o órgano para a emisión do informe ó que se refire a disposición adicional décimoquinta da Lei 13/1988 (DOG nº 151, do 8 de agosto) sinala como órgano competente para emitilo dito informe á D. X. do Patrimonio (hoxe en día debe entenderse a Secretaría Xeral e do Patrimonio).

¹⁶⁵ En virtude desta habilitación os arts. 25 e 26 da Lei 3/1985 foron modificados polo D. 207/1994, do 30 de xuño (DOG nº 131, do 8 de xullo. C. de e. no DOG nº 143, do 27 de xullo) e polo D. 185/2001, do 26 de xuño (DOG nº 156, do 13 de agosto). O D. 180/2003, do 27 de febreiro (DOG nº 52, do 14 de marzo) modifica as contías dos arts. 26, 34.1 e 2, 35.2 e 36 da Lei.

identificación do cedente e obxecto cedido sobre o que recae e demais datos necesarios para identificar cada adquisición.

3. Na mesma Orde a que se refire o artigo anterior, incluírase, se é o caso, o acordo de adscrición dos bens a favor da Compañía de Radio-Televisión de Galicia ou das súas sociedades¹⁶⁶.

Sétima

A taxación pericial de tódolos bens e dereitos para os efectos previstos neste Regulamento, cando nel non se prevexa outra cousa, será competencia da *Dirección Xeral do Patrimonio*, podendo solicitar esta a colaboración que precise doutros órganos da Administración ou de persoas físicas ou xurídicas¹⁶⁷.

Oitava

Para os efectos de obter a constante actualización do Inventario Xeral de Bens Inmóveis da Comunidade Autónoma, e sen prexuício do disposto na Lei e Regulamento de Contratos do Estado en materia de recepcións de obras¹⁶⁸, as distintas Consellerías, órganos estatutarios ou entes públicos, notificarán á *Dirección Xeral do Patrimonio* toda recepción de obra nova ou reforma substancial que se opere sobre un ben patrimonial, con independencia da contía da obra e con anterioridade á súa recepción provisional.

¹⁶⁶ Esta disposición reproduce substancialmente o seu antecedente, que se atopa no D. 64/1987, do 17 de marzo (DOG nº 62, do 1 de abril).

¹⁶⁷ Véxanse os arts. 37, 62.1, 77.1 e 94.1 deste regulamento.

¹⁶⁸ Arts. 147 do TRLCAP e 163 e ss. do Regulamento xeral da Lei, aprobado polo R.D. 1098/2001, do 12 de outubro (BOE nº 257, do 26 de outubro).

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Primeira

Queda exceptuada das limitacións establecidas no artigo 101 o alleamento pola Xunta de Galicia das accións, participacións, cotas ou calquera clase de título representativo de participación de capital social nas empresas ás que fai referencia o Decreto 123/1983, do 27 de xullo, sobre fomento do emprego¹⁶⁹.

Segunda

Ata que a Universidade de Santiago de Compostela non asuma a titularidade dos bens transferidos polo Estado, afectos ó cumprimento dos fins daquela, a Xunta de Galicia exercerá sobre eles as facultades previstas neste Regulamento que sexan imprescindibles para asegurar aquela asunción.

Terceira

A atribución de competencias realizada neste Regulamento entenderase sen prexuício das que na actualidade ten conferidas a Consellería de Presidencia e Administración Pública no Decreto 99/1988, do 21 de abril¹⁷⁰.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Autorízase á Consellería de Economía e Facenda para dicta-las disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento do presente regulamento¹⁷¹.

¹⁶⁹ DOG nº 124, do 10 de setembro de 1983. Modificado polo D. 220/1989, do 5 de outubro (DOG nº 209, do 31 de outubro).

¹⁷⁰ Véxase nota á disposición adicional segunda.

¹⁷¹ Véxanse a O. do 17 de xullo de 1989 pola que se nomea o órgano para a emisión do informe ó que se refire a disposición adicional décimoquinta da Lei 13/1988

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas tódalas normas que se opoñan á presente.

(DOG nº 151, do 8 de agosto), a Res. do 3 de xaneiro de 1990 da D.X. do Patrimonio da CA pola que se establecen normas sobre o cerramento e conseguinte formación do inventario xeral, con data do 31 de decembro do pasado ano 1989, e se establece o procedemento para a súa actualización permanente (DOG nº 10, do 15 de xaneiro), e a Res. do 5 de febreiro de 1992 da Secretaría Xeral e do Patrimonio sobre habilitación de facultativos para a asistencia ás recepcións provisionais de obras para os efectos da actualización do inventario de bens inmobles da CA (DOG nº 35, do 20 de febreiro).

ÍNDICE ANALÍTICO

ÍNDICE ANALÍTICO

A

Acción:

Civil para a recuperación pola Administración da posesión indebidamente perdida, § 1, art. 69-2; § 2, art. 182.

Accións e obrigacións:

(Véxase *Títulos representativos do capital*).

Acta:

Da cesión gratuita do uso dos bens patrimoniais inmobles da Comunidade Autónoma, § 2, art. 86-2.

Da poxa para o alleamento dos bens patrimoniais da Comunidade Autónoma, § 2, art. 69.

Das sesións de adxudicación de bens patrimoniais para a súa explotación por particulares, § 2, art. 144-4.

De afectación de bens patrimoniais ó dominio público:

Conservación, § 2, art. 14-2.

Subscrición, § 2, arts. 14-1 e 15 a).

De deslinde, § 2, art. 175.

De entrega ó Patrimonio da Comunidade Autónoma:

Das pertenzas ou porcións sobrantes de operacións de deslinde, § 2, art. 26-1 e 2.

De bens e dereitos desafectados, § 2, art. 24-3.

Dos bens e dereitos patrimoniais adscritos a organismos autónomos e entes públicos, § 1, art. 33; § 2, art. 93-1.

De recepción das obras públicas contratadas polas consellerías, entes públicos autonómicos e órganos estatutarios, § 2, art. 152.

Para a formalización das mutacións ou ampliacións do destino dos bens e dereitos demaniais, § 2, art. 31-5.

Actividade empresarial do sector público de Galicia:

Comprobacións e investigación acerca de empresas públicas e participadas da Comunidade Autónoma, § 2, art. 116.

Concepto, § 1, art. 44; § 2, art. 106.

Contas, memorias e informes, § 2, arts. 114 e 115.

Empresas participadas da Comunidade Autónoma, § 1, art. 47; § 2, art.113.

Empresas públicas creadas pola Comunidade Autónoma:

Formas:

Organismos autónomos, § 1, art. 45-2; § 2, arts.108 e 109.

Sociedades privadas, § 1, art. 45-3; § 2, arts. 111 e 112.

Subvencións, § 2, disposición adicional cuarta.

Tutela financeira, § 1, art. 46; § 2, art. 110.

(Véxase *Organismos autónomos*).

Administración, conservación e xestión dos bens e dereitos demaniais da Comunidade Autónoma, § 1, art. 7; § 2, art. 7.

Adquisición de bens e dereitos patrimoniais pola Comunidade Autónoma:

Regras especiais:

Bens inmobles, § 1, art. 18; § 2, arts. 39 a 48.

(Véxase *Adquisición de bens inmobles patrimoniais pola Comunidade Autónoma*).

Bens mobles, § 1, art. 18 bis; § 2, arts. 49 a 51.

(Véxase *Adquisición de bens mobles patrimoniais pola Comunidade Autónoma*).

Propiedades incorporais, § 1, art. 21-4; § 2, art. 53.

Títulos representativos do capital, § 1, art. 21; § 2, art. 52.

Regras xerais:

A título gratuito ou lucrativo, § 1, art. 17; § 2, arts. 34 e 38-1.

A título oneroso, § 1, art. 18; § 2, arts. 35 e 38-3.

Capacidade, § 1, art. 16; § 2, art. 33.

No marco do procedemento expropiatorio, § 1, art. 19; § 2, art. 36.

Por herdanza, § 1, art. 17-2; § 2, art. 34-2.

Adquisición de bens inmobles patrimoniais pola Comunidade Autónoma:

Competencia:

Casos especiais, § 2, art. 39-2.

Casos normais, § 1, art. 18-1; § 2, art. 39-1.

Formas:

Adquisición directa:

Formalización notarial, § 1, art. 18-3; § 2, art. 48-1.

Supostos § 1, art. 18-2; § 2, art. 46.

Concurso:

Convocatoria, § 2, art. 42.

Formalización notarial, § 1, art. 18-3; § 2, art. 48-1.

Procedemento, § 2, arts. 41 a 45.

Supostos, § 1, art. 18-1; § 2, art. 40.

Inscripción no Rexistro da Propiedade, § 2, art. 48-2.

Adquisición de bens mobles patrimoniais pola Comunidade Autónoma:

Competencia, § 1, art. 18 bis; § 2, art. 49.

Dereito aplicable, § 1, art. 18 bis; § 2, art. 50.

Formas:

Centralizada, § 1, art. 18 bis; § 2, art. 49-2.

Concurso, § 1, art. 18 bis; § 2, art. 50-1.

Ocupación, § 2, art. 50-2.

Adquisición de cuotas, partes alicuotas ou títulos representativos do capital pola Comunidade Autónoma, § 1, art. 21; § 2, art. 52.

Adquisición de propiedades incorporais pola Comunidade Autónoma, § 1, art. 21-4; § 2, art. 53.

Adquisición directa de inmoables pola Comunidade Autónoma:

Formalización notarial, § 1, art. 18-3; § 2, art. 48-1.

Supostos, § 1, art. 18-2; § 2, art. 46.

Adquisición dos froitos dos bens inmoables alleados pola Comunidade Autónoma, § 2, art. 73.

Adquisición por herdanza:

De bens pola Comunidade Autónoma:

Forma da aceptación, § 1, art. 17-2; § 2, art. 34-2.

Adscrición de bens e dereitos demaniais:

A entes públicos autonómicos (organismos autónomos ou outras entidades públicas):

Condicións, § 1, art. 13-1 e 2; § 2, art. 20.

Conservación, § 1, art. 13-3; § 2, art. 20-3.

Resolución, § 1, art. 13-6; § 2, art. 19.

Reversión ó Patrimonio da Comunidade Autónoma, § 1, art. 13-4 e 5; § 2, art. 21.

Sucesión entre organismos públicos, § 1, art. 14; § 2, art. 22.

Adscricións múltiples, § 2, art. 29.

Ás consellerías ou órganos estatutarios, § 2, art. 19.

Principio xeral, § 2, art. 18.

Adscrición de bens patrimoniais da Comunidade Autónoma a organismos autónomos ou outros entes públicos dependentes da Xunta de Galicia:

Acordo, § 1, art. 31; § 2, art. 90.

Condicións, § 1, art. 31; § 2, art. 88.

Prazo, § 1, art. 31; § 2, art. 91.

Publicación e formalización, § 2, art. 91.

Reversión ó Patrimonio da Comunidade Autónoma, § 1, art. 31; § 2, art. 91.

Solitude, § 2, art. 89.

Adxudicación de bens e dereitos á Comunidade Autónoma:

Alleamento dos bens móbiles adxudicados á Comunidade Autónoma, § 1, art. 36; § 2, art. 97.

Cuantificación, taxación pericial e formalización dos bens e dereitos adxudicados á Comunidade Autónoma, § 1, art. 20; § 2, art. 37.

Afectación de bens e dereitos ó dominio público:

Implicita, § 1, art. 9; § 2, art. 15.

Información sobre bens afectables, § 2, art. 9-2.

Modos e competencia para acordala, § 1, art. 9; § 2, art. 11.

Múltiples:

(Véxase *Mutacións demaniais*).

Por expropiación forzosa, § 1, art. 9-4; § 2, art. 17.

Por usucapión, § 1, art. 9-3; § 2, art. 16.

Procedemento:

Acta, § 2, art. 14.

Expresión dos bens e da súa finalidade, § 2, art. 13.

Representantes oficiais, § 2, art. 14.

Resolución de afectación (extremos que debe expresar), § 2, art. 13.

Alleamento de bens inmobles patrimoniais da Comunidade Autónoma:

Anuncios, § 2, art. 66.

Bens litixiosos, § 1, art. 27; § 2, art. 61.

Colindantes, § 1, art. 28; § 2, art. 75.

Competencia para acordala, § 1, art. 25; § 2, art. 63.

Compradores:

Adquisición de froitos, § 2, art. 73.

Capacidade, § 2, art. 67.

Indemnizacións, § 2, art. 73.

Declaración previa de alienabilidade, § 1, art. 24; § 2, art. 60.

Depuración da situación física e xurídica, § 2, art. 61.

Formas:

Supostos de alleamento directo, § 1, art. 26; § 2, arts. 64 e 65.

Supostos de poxa, § 1, art. 26; § 2, art. 64.

Procedemento, § 2, arts. 68 a 72.

Taxación pericial das fincas alleadas, § 2, arts. 62 e 71-3.

Alleamento de bens mobles pola Comunidade Autónoma:

Bens mobles adjudicados á Comunidade Autónoma, § 1, art. 36; § 2, art. 97.

Competencia para acordala, § 1, art. 34; § 2, art. 94.

Formas, § 1, arts. 35 e 36; § 2, arts. 95 e 96.

Propiedades de organismos autónomos ou entes públicos dependentes da Xunta de Galicia, § 1, art. 37;

§
art. 98. 2.

Alleamento de bens propiedade de organismos autónomos, § 1, arts. 33 e 37; § 2, arts. 93 e 98.

Alleamento de dereitos pola Comunidade Autónoma:

(Véxase *Propiedades incorporais*).

Alleamento de títulos representativos de capital pola Comunidade Autónoma:

Acordo: Requisitos, § 1, arts. 40-1 e 41; § 2, arts. 101 e 103.

Cotizables en Bolsa, § 1, art. 40-2; § 2, art. 102 a).

Excepción, § 2, disposición transitoria primeira.

Non cotizables en Bolsa, § 1, art. 40-2; § 2, art. 102 b).

Outros supostos, § 1, art. 42; § 2, art. 104.

Anotación no Rexistro da Propiedade de bens e dereitos da Comunidade Autónoma:

(Véxase *Inscripción no Rexistro da Propiedade de bens e dereitos da Comunidade Autónoma*).

Apeo:

(Véxase *Deslinde e demarcación de bens patrimoniais da Comunidade Autónoma*).

Arrendamentos de bens inmobles a favor da Comunidade Autónoma:

Competencia, § 1, art. 22; § 2, art. 54-1.

Conservación, § 2, art. 57.

Formalización, § 2, art. 56.

Formas de concertos, § 1, art. 22-1; § 2, arts. 54-2 e 55.

Resolución voluntaria, § 1, art. 22-2; § 2, art. 58.

Arrendamento de bens mobles, § 1, art. 22-3; § 2, art. 59.

Asesoría Xurídica :

Informes que debe elaborar, § 2, arts. 41-2, 65-2, 85-1 e 140-3.

Letrado afecto á mesa de contratación, § 2, art. 44 b).

Representación en xuízo, § 2, arts. 7-1 e 57.

B

Bens adxudicados á Comunidade Autónoma

(Véxase *Adxudicación de bens e dereitos á Comunidade Autónoma*).

Bens e dereitos demaniais:

Administración, conservación e xestión, § 1, art. 7; § 2, art. 7.

Concepto, § 1, art. 3; § 2, art. 3.

Inclusión no Inventario Xeral, § 1, art. 78; § 2, art. 150.

Indisponibilidade, § 1, art. 6-1; § 2, art. 6-1.

Sancións, § 1, art. 81; § 2, art. 191.

Tráfico administrativo dos bens demaniais, § 1, arts. 8 a 15; § 2, arts. 8 a 32.

Adscrición, § 1, art. 13; § 2, arts. 18 a 22.

Afectación, § 1, art. 9; § 2, arts. 10 a 17.

Desadscrición, § 2, art. 29.

Desafectación, § 1, art.10 ; § 2, arts. 23 a 28.

Mutacións demaniais, § 1, art. 12; § 2, arts. 30 a 32.

Normas xerais, § 1, art. 8; § 2, arts. 8 e 9.

Utilización dos bens demaniais, § 1, arts. 48 a 59; § 2, arts. 117 a 137.

(Véxanse os epígrafes correspondentes).

Bens e dereitos do Patrimonio da Comunidade Autónoma:

Regulación, § 1, art. 5; § 2, art. 5.

Bens e dereitos que se presuman patrimoniais da Comunidade Autónoma:

(Véxase *Investigación de bens e dereitos que se presuman patrimoniais da Comunidade Autónoma*).

Bens inmobles patrimoniais da Comunidade Autónoma:

Adquisición, § 1, art. 18; § 2, arts. 39 a 48.
Adscrición a organismos autónomos, § 1, art. 31; § 2, arts. 88 a 91.
Alleamento, § 1, arts. 24 a 29; § 2, arts. 60 a 76.
Cesións gratuítas, § 1, art. 30; § 2, arts. 83 a 87.
Explotación, § 1, arts. 60 a 68; § 2, arts. 138 a 148.
Inventario, § 2, art. 154.
Permutas, § 1, art. 29; § 2, arts. 77 a 82.
Propiedade de organismos autónomos, § 1, arts. 33-2; § 2, art. 93-2.
(Véxanse os epígrafes correspondentes).

Bens litixiosos patrimoniais da Comunidade Autónoma:

Prohibición de allear, § 1, arts. 24-2 b) e 27; § 2, arts. 60-2 a) e 61.

Bens mobles:

Adquisición ou alleamento pola Comunidade Autónoma
(Véxase *Adquisición de bens mobles pola Comunidade Autónoma* e *Alleamento de bens mobles pola Comunidade Autónoma*).

Bens propiedade de organismos autónomos:

Inclusión no Inventario Xeral, § 1, art. 78 e); § 2, art. 150 e).
Inmobles:
Alleamento, § 1, art. 33-2; § 2, art. 93-2.
Incorporables ó Patrimonio da Comunidade Autónoma, § 1, art. 33-1; § 2, art. 93-1.
Non incorporables, § 1, art. 33-2; § 2, art. 93-2.
Mobles, § 1, art. 37; § 2, art. 98.

Bens semoventes:

Inclusión no Inventario Xeral de bens e dereitos da Comunidade Autónoma, § 2, art. 156.

Bens sobrantes en operacións de deslinde de bens de dominio público:

Integración no Patrimonio da Comunidade Autónoma:
Momento en que ten lugar, § 2, art. 27.
Procedemento, § 1, art. 10-4; § 2, art. 26.

C

Caducidade de concesións sobre bens que se incorporen ó Patrimonio da Comunidade Autónoma, § 1, art. 57; § 2, art. 135.

Caixa de Depósitos:

Depósito do vintecinco por cen do precio de taxación de fincas patrimoniais da Comunidade Autónoma alleadas,
§ 2, art. 65.

Cesión gratuíta dos bens patrimoniais inmoables da Comunidade Autónoma:

Beneficiarios, § 1, art. 30-1; § 2, art. 83.
Competencia para acordala, § 1, art. 30-1; § 2, art. 83.
Fundamento, § 1, art. 30-1; § 2, art. 83.
Procedemento:
Acordo, § 1, art. 30-2; § 2, art. 86-1.
Formalización, § 2, arts. 85-1 e 86-2.
Solicitude, § 2, art. 85.
Prazo de cesión de uso, § 2, art. 84.
Reversión, § 1, art. 30-3; § 2, art. 87.

Cesión gratuíta dos bens patrimoniais moables da Comunidade Autónoma, § 1, art 35 bis; § 2 art. 96 bis.

Colindantes con fincas da Comunidade Autónoma:

Cualificación das fincas, § 1, art. 28; § 2, art. 75.
Dereito preferente no alleamento de determinados solares do Patrimonio da Comunidade Autónoma, § 1, art. 28;
§ 2, art. 75.
Formalización notarial da venda, § 2, art. 76.
Precio de taxación, § 2, art. 76.

Compradores de bens patrimoniais da Comunidade Autónoma:

Adquisición de froitos, § 2, art. 73.
Colindantes (dereito preferente), § 1, art. 28; § 2, arts. 75 e 76.
Indemnización a que teñen dereito, § 1, art. 28; § 2, art. 73.

Concesións administrativas e autorizacións sobre o dominio público:

Dereito preferente de adquisición en caso de alleamento dos bens, § 1, art. 58; § 2, art. 137.
Extinción das concesións, § 1, art. 56; § 2, art. 134.
Inventario, § 2, art. 161.
Modificación das características das concesións, § 2, art. 136.
Principios xerais, § 1, art. 54; § 2, art. 128.
Procedemento, § 1, art. 55; § 2, arts. 130 a 132.
Regulación, § 2, art. 127.
Supostos de degradación do título concesional, § 2, art. 57; § 2, art. 135.
Utilización e transmisión, § 2, art. 133.

Concursos:

Para a adquisición de bens inmoables pola Comunidade Autónoma:

Convocatoria e resolución, § 2, arts. 41 a 45.

Excepcións, § 1, art. 18-2; § 2, art. 46.

Norma xeral, § 1, art. 18-1; § 2, art. 40.

Para a adquisición de bens mobles pola Comunidade Autónoma, § 1, art. 18 bis; § 2, art. 50.

